

TOPONIMIA E HIDRONIMIA DO CONCELLO DE FOZ

Segundo a RAG (Real Academia Galega), Galicia é a rexión de Europa que máis TOPONIMIA ten.

A palabra topónimo vén do grego topónýmion, que está composto de (tópos) "lugar" e ónoma "nome", e significa "nome de lugar". Moitos topónimos en España produciron apelidos, por chamar á xente co nome do seu lugar de orixe.

Un hidrónimo vén do grego hydor, “auga”, e ónoma, “nome”) e o nome propio polo que se designa unha masa de auga.

Ou sexa que, topónimos son os nomes, por exemplo, dos pobos, vilas e cidades: Ourense, Lugo, Foz, Burela, Valadouro, Alfoz, Mondoñedo, Lourenzá, etc. son topónimos.

E os hidrónimos veñen a ser o mesmo, pero relacionado co mundo da auga, tanto a auga doce como da salgada e o entorno que teñen eses lugares. Por exemplo: Río Masma, Centiño, Alamparte, Eo, Landro, Rapadoira, Llas, Peizás, Pampillosa, Arealonga, Xuncos, Polas, A Brava, Areoura, Os Fondás, etc.

Por que ás puntas, calas, entrantes, praias, montes, leiras, quinteiros, rochas, penedos, cumios, etc. etc. se lles puxeron nomes?, pois puxéronlles nomes para saber onde imos. Por exemplo: Se dis a un amigo ou familiar, a calquera persoa que vas á praia, como sabe el como encontrarte?, pois dicíndolle “vou á praia da Pampillosa”. Dislle a un compañeiro “Vou facer surf”, e el preguntárame, “e a onde vas?”, pois vou á praia Brava. Así xa sabe que vas a cerca da praia Areoura (tamén chamada Os Alemáns).

NOTA: Esta foto vía satélite con toda a toponimia e hidronimia de Foz, a partir de aquí, verédela dividida en partes e iremos pouco á pouco vendo partes desta foto con toda a hidronimia, desde o POZO MOURO (A Espiñeira – Vilaronte), ata O CANTIÑO (Cangas de Foz).

VILARONTE:

O POZO MOURO NO RÍO MASMA

Chámanse pozos ou pozas, a un lugar no curso dun río, de augas tranquilas e profundas.

Así a frase “din que este río ten pozos sen fondo” é unha frase que conta moi ben o que é unha poza ou pozo.

Tódolos ríos teñen pozos ou pozas famosas e por suposto os nosos ríos non ían ser unha excepción, polo que como veredes ao longo destes textos, aparecerán distintos pozos, sobre todo na confluencia do río Ouro en Fazouro.

Sen lugar a dúbidas, a fama deste pozo, O Pozo Mouro, non é das máis boas que digamos, pois está confirmado de que nese pozo era onde tiraban os Falanxistas, os cadáveres da xente que fusilaban ao seu antollo na posguerra.

Entre outras cousas, este lugar, tamén foi asociado a unha parada de intercambio

de autobuses para os viaxeiros, a popular casa de Marcos Perdiguero Moscoso destinada a ultramarinos e tamén tiña servizo de taxi.

Tamén Contan as xentes do lugar, que no século pasado existiu unha curiosa cando non insólita historia de amor.

Dise que nunha casa próxima ao Pozo Mouro vivía un home chamado don Antonio coñecido por “O Rendo” (descoñecen si se escribe separado ou xunto, polo que non podo saber se podería ser alcume ou apelido, xa que en Galicia existen rexistrados 808 apelidos que responden a “Rendo”).

Ao parecer, este home que procedía de San Xusto en Cabarcos e retornado da emigración de Cuba, dedicábase a organizar poxas e andaba en temas relacionados con xuízos e peritaxes.

Na casa deste home, fai moitos anos que se notaban cousas estrañas, pero que non se trataba de efectos paranormais, ou sexa, que eran obra dun ser humano.

Cando el non estaba e lle deixaban o leite á porta ao pouco tempo o recipiente do leite desaparecía. Se alguén ía á súa casa solicitar algún dos seus servizos, adoitaba a escoitarse como pisadas no sobrado e cando se lle preguntaba que quen andaba por arriba, el dicía que era o gato.

Algúns veciños sospeitaban que nesa casa había unha muller, á que lle chegaron a chamar “A Meiga”.

Os anos pasaron sen que ninguén puidera saber quen ou que era o que acontecía nesa casa, pero digo que os anos pasaron e non foron poucos, xa que se di que foron moitos máis de 20, si, dixen ben, máis de 20 anos.

Pasado este tempo, confirmouse que era unha muller moito máis moza que don Antonio e que procedía de Celeiro de Mariñaos, chamábase María (de Antuxo).

Nunca se souberon as causas que os levaron a ocultala tantos anos, aínda que as fontes consultadas aseguran que: imposible que fose en contra da súa vontade, xa que como quedaba ela só na casa e recollía o leite na porta tamén podería pedir auxilio ou fuxir do lugar.

A historia tubo o seu final por que don Antonio enfermou e houbo que avisar a un médico con moita urxencia e polo visto esa día foron as vésperas da súa morte e a marcha definitiva desa muller.

A GOLETA

A Goleta é un pequeno barrio de A Espiñeira, en dito lugar hai hoxe unhas casas que forman un precioso conxunto dedicado ao turismo rural.

Este conxunto de casas é de 1841, data na que coincidiu a construción da ponte de A Espiñeira, aínda que no Escrito do Catastro, estas casas aparecen como obra realizada en 1881.

Ao chegar ao barrio da Goleta, concretamente neste entorno turístico, xa nos encontramos coa primeira lenda, lenda das moitas que proliferan no noso concello

e que por certo, é unha das máis preciosas. Aí vos vai:

O PORTO DA GOLETA

Neste porto tamén existiron uns estaleiros e un dos barcos veleiros botados nel, chamábase como o mesmo barrio “A GOLETA”.

Falóuseme da existencia dunha “caleira”, ou sexa, unha pequena empresa que fabricaba cal extraído da mesma zona.

Por outra banda, compre destacar a existencia dun celeiro de sal propiedade de Damián López de Castro Ferrería, dito celeiro estaba xunto á caleira. Pechou polos anos 50 do pasado século XX.

Para abastecer o celeiro, traíase o sal por terra e logo descargábase en vagonetas que atravesaban a zona ata a beira do río por mediación dunha pasarela con raís, e alí era cargada unha lancha que cruzaba o río ata A Goleta para finalmente descargalo no celeiro.

Outro dos celeiros que había, era dedicado á venda de xamóns, dito almacén estaba onde hoxe ten os talleres Alfonso Andrade.

Esta era unha zona, por excelencia moi industrial e comercial a principios do século XX, onde tamén había muíños eléctricos e ata pasando por unha gasoleira propiedade de Damián López e un transformador de luz que subministraba a Ribadeo e Foz que foron os dous primeiros municipios da Mariña en ter luz eléctrica en 1905/09 e que era propiedade de Damián López de Vilaronte e a familia Reimunde Basanta de San Martiño. A central hidroeléctrica que os abastecía estaba en Celeiro de Mariñaos e chamábase “Electra del Masma”.

Dúas empresas dedicadas a serrar a madeira, unha propiedade de José Antonio Pardo Lorenzo (Allegue) e a outra tamén de Damián López dirixida por Eladio Lorenzo (Fortunato).

Tamén existía un comercio tipo ultramarinos da época, que era propiedade de Eladio García coñecido polo “Chocolateiro”.

Este comercio tiña absolutamente de todo e poderíase comparar como calquera dos centros comerciais que temos hoxe en día. Conta a lenda popular, que podería haber soterradas no solo moedas de prata.

Fronte mesmo a esta casa había unha panadería que era propiedade dunha muller chamada Estorgia Pérez, filla dun emigrado a Cuba.

Contan os veciños como anécdotas curiosas, que nunha ocasión chegou á Goleta un cocheiro procedente de Arxentina e que se dedicaba ao transporte en carro de cabalos.

Este home chamado Antonio Fernández, ao parecer, saía polas noites alumeándose cun palluzo e levaba escopeta coa que tiraba tiros ao aire e berraba una curiosa frase “Negra encantada, ven hacia mi”.

O espectáculo era tal, que non había veciño que non coñecera tales feitos ata o

punto que o viñan ver incluso de Vilanova de Lourenzá.

Unha desas noites matou un corvo e por iso do que el berraba de “Negra encantada, ven hacia mi” houbo un veciño que lle dixo: Por fin, matáchela!.

Sempre vestía garabata e era tanto o que lle gustaba, que polo visto nin a quitaba cando ía sachar ás patacas.

E outra das anécdotas que me contaron, é que a Capela da Virxe do Pilar que hoxe está no campo da feira da Espiñeira, antes estaba neste barrio da Goleta e por expreso desexo dun sacerdote, foi trasladada pedra a pedra para este novo emprazamento.

Un crucifixo que hai na capela, foi traído de Arxentina e doado para a mesma por Antonio Moscoso Couto.

Esta capela é do século XVI e está actualmente dedicada á Virxe do Pilar aínda que noutrora venerábase nela a Santa Catalina da que aínda se conserva a súa imaxe.

ESTALEIROS DA ESPIÑEIRA

Estaleiros R. López. Pouco sabemos destes estaleiros, pero si que neles se construíron a principios do século XX, barcos de cabotaxe como: Electra del Masma, El Avelino ou Espiñeira – Mondoñedo.

A botadura do Electra del Masma celebrouse o día 12 de maio de 1918 e foi amenizada por unha comparsa do Valadouro.

Asistiron a esa botadura máis de 5.000 persoas, segundo comunicaba El Progreso desa data.

O ESPÍÑO

Orixe latina.

Do latín *spina(m)*. Espiña, lombo, espiñazo.

“O topónimo O Espiño, repetido en Galicia, suxire, nun principio, a presenza vexetal dalgunha clase de planta espiñenta do tipo, por exemplo, do espiño albar.

O anterior planteamento non é o verdadeiro pois, se observamos varios lugares chamados O Espiño, axiña nos decatamos que sempre dan nome a lombas máis ou menos redondeadas e alongadas, en forma de lombo ou espiñazo, polo que albiscamos, a partir do latín *spina*, ‘espiña, lombo, espiñazo’, unha aplicación metafórica para definir un accidente orográfico.” (FERNANDO CABEZA QUILES: 2000, 167).

LINGUA DA AUGA

Chamábanlle A Lingua da Auga porque o remanso do río ao chegar a esta lugar semellaba unha lingua.

ENTRESECA

O de “entreseca” era que aínda que a auga mollara a zona, daba a sensación que non estaba húmida.

A XUNQUEIRA

En tódolos ríos existe na desembocadura unha xunqueira formada pola súa propia natureza.

O nome completo do xunco é “xunco pinchudo”. Nome científico *Juncus acutus*.

REDONDELO DE ABAIXO

Topónimo composto con nexo preposicional.

1.º Elemento do composto: REDONDELO.

Orixe latina.

Do latín **retundus* < lat. *rotundus* ‘redondo’, do lat. *rota(m)* ‘rocha’.

Leira de vinna que esta en rredondelo (Domaio, 1399, veciño de Marín).

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 238-239).

O POLVORÍN

O nome de O Polvorín venlle de cando se fixo o túnel da Marisma de 1928 a 1931 para o paso do tren de FEVE, porque aí había unha caseta feita expresamente para gardar a pólvora coa que se voaba a pedra para a construción do túnel.

Tamén foi lugar onde se refuxiaron algúns veciños de ideas de esquerdas durante a guerra e posguerra.

VAO DE VILARMEA

1.º Elemento do composto: VAO. Un vao, é un lugar nun río onde este se pode atravesar a pé.

2.º Elemento do composto VILARMEA: Este topónimo, documentado en 1258 como "*Villa Armea*", foi estudado por E. Bascuas. Este autor atribúelle unha orixe en *Armena*, un hidrónimo formado a partir do elemento antigoeuropeo **arm-*, derivado da raíz indoeuropea **er-* 'fluír, moverse'.

Tería, por tanto, a mesma orixe que o actual Armea en Láncara (Lugo) dun *rivulo Armena*. Cf. p. 46 de E. Bascuas "*Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*".

O TÚNEL DA MARISMA

Quedoulle o nome de Túnel da Marisma precisamente porque parte da zona chamada a Marisma.

Este túnel comezou a construírse en febreiro de 1928, e teño ante min unha curiosa anotación dos días traballados polos obreiros nesa obra, dita anotación foi escrupulosamente feita polo encargado das obras, Celestino Díaz López natural de O Páramo posteriormente casado con María Josefa Fernández (de Burón de Mañente. (O sobrenome de Burón, ven por que eran da parroquia de Burón da Fonsagrada).

Estes textos facilitoumos o seu fillo José Díaz (Pepe de Burón) e como digo, comezaron en febreiro de 1928 e remataron en outubro de 1931.

Nestes documentos consta que o túnel foi feito de formigón e o contratista das obras foi Benito Malvar Corbal representado na provincia de Lugo por Esencio Blanco Álvarez, sendo o enxeñeiro da obra Ángel Zubizarreta, e di: Construcción del Ferrocarril Ferrol-Gijón, Trozo 1.º (Sección FOZ-RIBADEO).

Noutro documento á parte, encontrámonos cun texto que nos abala con relación a eses algo máis de tres anos da construción do túnel, no que por certo traballaron 26 homes.

Copiamos literalmente unha parte do texto:

“Esencio Blanco Álvarez, representante en la provincia de Lugo del Contratista D. Benito Malvar Corbar, que lo es, del Ferrocarril del Ferrol del Caudillo a Gijón en su primer Trozo de la sección de Foz a Ribadeo.

CERTIFICO:

Que D. Celestino Díaz López ha desempeñado en esta Entidad, n.º patronal 27/1.104, el cargo de Capataz, durante un período de cerca de tres años.

Durante el mismo efectuó trabajos de índole diversa, desde el movimiento de tierras a obras de fábrica. Abriendo trincheras y ataque de las mismas organizando la maniobra y encuadrando el personal, con tendencia al máximo aprovechamiento; preparación, encofrado y fabricación de muros de contención de características diversas, tajeas de distintos modelos y túneles como los de La Sara y Mañente, etc. etc.”.

O ferrocarril Ferrol – Xixón inaugurouse oficialmente o día 21 de xuño de 1967.

NOTA: O motivo polo cal aparece neste texto literal o topónimo de “Ferrol del Caudillo”, é por que ese texto trata dunha solicitude realizada por Celestino Díaz a esta empresa, con data de 22 de xuño de 1947, despois da guerra civil.

A MARISMA

En xeografía, unha marisma é un ecosistema húmido con plantas herbáceas que crecen na auga. Unha marisma é diferente dun lamazal, o cal está dominada por árbores en vez de herbáceas. A auga dunha marisma pode ser doce ou do mar, aínda que normalmente é unha mestura de ámbalas dúas, denominada salobre.

As marismas costeiras adoitan estar asociadas a estuarios, estas baséanse comunmente en chans con fondos areosos.

As marismas son moi importantes para a vida salvaxe sendo un dos preferidos hábitats para criar unha grande variedade de vida; dende diminutas algas planctónicas, ata unha abundante cantidade de flora e fauna, fundamentalmente aves.

XENERALIDADES:

Unha marisma é un ecosistema que ten por unidade do relevo principal unha depresión (normalmente causada por un río) que está anexa ao mar, o que produce un terreo baixo e pantanoso que se inunda por efecto das mareas e da chegada das augas dos ríos que desembocan nas súas proximidades. Aínda que nos finais dos ríos exista esta paisaxe climática, tamén poden coexistir no mesmo lugar deltas ou estuarios.

As marismas son humidais que se consideran un auténtico ecosistema debido á morea de organismos que habitan nel, dende diminutas algas planctónicas, ata unha abundante cantidade de flora e fauna, fundamentalmente aves. As zonas de marismas son as máis ricas e fértiles do mundo no que se refire a cultivo, pois, cando a marea sobe, deposita sedimentos. Isto é debido a que son zonas intermareais, é dicir, aquelas onde as correntes das mareas provocan a deposición de lodos próximos á costa. Eses son, fundamentalmente: limo, arxila e area. Xuntos, ademais doutros compoñentes, forman a turba, un material orgánico compacto, de cor parda escura e rica en carbono, utilizado como combustible de biomasa e como abono. No ecosistema de marisma compren diversas funcións, entre elas amortecer e minimizar as correntes mariñas en momentos no que exista moito vento (como nunha tormenta).

PENA MARELA

Topónimo composto.

1.º Elemento do composto: PENA.

Orixe latina.

Latín *pinna(m)* ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: MARELA (AMARELA).

Topónimo transparente: de cor marela.

A PENA DE GALANCHOTE

Topónimo composto con artigo inicial e nexo preposicional.

1.º Elemento do composto: PENA.

Orixe latina.

Latín *pinna(m)* ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: GALANCHOTE (?).

MONTE DO BARREIRO

Topónimo composto con nexo preposicional e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: MONTE.

Orixe latina.

Latín *monte(m)* ‘monte, montaña; monte, montón, morea, pena, penedo, rocha’.

1. Elevación importante do terreo.

2. Terreo inculto con árbores, arbustos ou matogueiras.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.009).

2.º Elemento do composto: BARREIRO, de BARRO + sufixo abundancial -EIRO: ‘con moito barro’.

Orixe: precelta. Base precéltica *bar* ‘altura’. En pregalo **barr-*. En galo *barro* ‘cima, cúspide de monte’.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 26-27).

Nalgúns contextos, **barro* ‘lama, fango’, ten orixe prerromana.

(ISAAC FERREIRA / MANUEL LORENZO / XESÚS PISÓN: 2010, 172).

PRAIA DOS FONDÁS

Hidrónimo (relacionado coa auga).

Composto con nexos de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PRAIA.

Do latín tardío *plagiā* ‘praia’.

Praia (s. f.). Ribeira dun mar ou dun río, de areas case chans. *Sin. areal, area.*

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.188).

2.º Elemento do composto: FONDÁS [< FONDAIS]

Fondal (s. m.). Fondo do mar formado.

Do latín *fundu(m)* ‘fondo’. por area.

(PACO RIVAS: 2016, 189).

A praia dos Fondás pertence ao barrio de Mañente da parroquia de Vilaronte en Foz. Está no centro, entre os ríos Masma e Centiño onde se forma a Ría de Foz, compañeira inseparable do monte O Preguntoiro.

Esta praia é testemuña eterna de cando no século pasado as barcas subían polo Río Masma arriba ata unha zona de Vilaronte onde se celebraba a "Xira dos Loureiros".

Esta "xira" celebrábase na parroquia de Vilaronte, na zona fronteiriza con Celeiro de Mariñaos (Barreiros).

Tamén cabe destacar que dende fai uns anos aquí celebrábase a “Xira dos Fondás”.

MONTE O PREGUNTOIRO

Topónimo composto con nexos preposicional e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: MONTE.

Latín *monte(m)* ‘monte’.

2.º Elemento do composto: PREGUNTOIRO.

1. De *preguntar* (v. t.) (do latín vulgar **praecunctāre*) v. tr. e i. 1. Solicitar información, pedirlle a alguén que diga o que queremos saber.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.193).

2. “O nome deriva do latín medieval *praecuntorium*, sinónimo de ‘promontorio’.”

(XOSÉ GONZÁLEZ: 23.02.2014).

A ARNELA

Autores como E. Bascuas relaciónano coa forma hidronímica paleoeuropea **arn-* (como nos casos de "Arnoia", "Arnela", etc), derivada da raíz indoeuropea **er-* 'fluír, moverse'. Tería un significado de "corrente de auga", e despois "casca dos castiñeiros e carballos" ou "casca de árbore usada de canlón para conducir a auga".

O dicionario define "arnela" como "praia en costa aberta, que se mete entre dous montes, e na que xeralmente desauga un río ou regato". Este significado parece tamén encaixar por analoxía co concepto de "canlón para conducir a auga" citado antes.

Algúns autores derivan "arnela" do latín **arenella*, encaixando co significado de praia citado, aínda que non coas outras acepcións. Tampouco explicaría topónimos como "Arnoia".

No 1753 aparece atestada a "Arnela" no Catastro de Enseada, ao referirse aos límites da freguesía de Foz. Igualmente, no Catastro de enseada para Vilaronte (1753) aparece atestado este lugar, ao referir os límites desa freguesía.

Nesta zona en tempos pasados era un lugar especial para xogar ao fútbol. Igual que na Granda.

PUNTA DA ARNELA

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

Orixe latina.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, 'picar, punzar').

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

2.º Autores como E. Bascuas relaciónano coa forma hidronímica paleoeuropea **arn-* (como nos casos de "Arnoia", "Arnela", etc), derivada da raíz indoeuropea **er-* 'fluír, moverse'. Tería un significado de "corrente de auga", e despois "casca dos castiñeiros e carballos" ou "casca de árbore usada de canlón para conducir a auga".

O dicionario define "arnela" como "praia en costa aberta, que se mete entre dous montes, e na que xeralmente desauga un río ou regato". Este significado parece tamén encaixar por analoxía co concepto de "canlón para conducir a auga" citado antes.

Algúns autores derivan "arnela" do latín **arenella*, encaixando co significado de praia citado, aínda que non coas outras acepcións. Tampouco explicaría topónimos como "Arnoia".

No 1753 aparece atestada a "Arnela" no Catastro de Enseada, ao referirse aos límites da freguesía de Foz. Igualmente, no Catastro de enseada para Vilaronte (1753) aparece atestado este lugar, ao referir os límites desa freguesía.

Nesta zona en tempos pasados era un lugar especial para xogar ao fútbol. Igual que na Granda.

FOZ:

OS PASOS DO PRADO DA VELLA

Orixe latina.

Topónimo composto con artigo inicial e nexos de preposición e artigo.

Talvez hidrónimo (relacionado coa auga).

A Vella pode ser A Meiga ou A Deusa Nai.

PASOS: pasadoiros, pasantías, pedras para pasar por unha zona húmida.

Os “Pasos do Prado da Vella” eran pasos de curto percorrido, non tan longos como os “Pasos de Malates”.

Estaban xunto ao “Camiño dos Carballás”.

Estes pasos eran utilizados para cruzar esta zona da Xunqueira, incluso normalmente cando os labregos a cruzaban co carro, facíanco co sistema de “DOBRE XUGADA” ou “BORDELO”(dobre xunta ou vacas de reforzo).

Este sistema consistía en dúas vacas xunguidas á botoalla do carro e outras dúas enganchadas ao mesmo por una cadea ou pao de madeira chamado “GABITO”, así, deste xeito reducíase o esforzo da xunta por que ao cruzar o río as rodas do carro chantábanse na lama e resultaba mais pesado.

ZONA DA XUNQUEIRA

Esta zona por onde transcorre o río Centiño chámase A Xunqueira. O seu nome vén da abundancia de "XUNCOS" que hai neste lugar.

Noutros tempos era a zona favorita dos nenos do barrio de Vilaxoane para bañarse.

O nome científico do xunco é *Juncus acutus*. A súa descrición é: Planta perenne, cespitoso. Talos erectos e rexios de ata 150 cm. Follas punzantes. Inflorescencia compacta, con moitas flores. Periantio con 6 pezas.

Tépalos case iguais, sendo máis agudos os externos. Froito en cápsula ovoide.

Floración: De abril a agosto. Hábitat: Areas costeiras e chans húmidos do interior. Os seus talos secos empréganse para facer cestos. O nome completo do xunco en galego é Xunco pinchado.

PENA DO CORRIOLO

1.º Elemento do composto: PENA.

Latín *pinna(m)*, ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto Corriolo.

O CONGRO (Conger conger). Ademais de polo nome máis frecuente, e

normativo, congro, nalgúns portos de Galicia denomínanos tamén anguiacho e CORRIOLO (este, aos exemplares cando son pequenos).

A GRANDA

Orixe preindoeuropea.

De **ganda*, ‘pedregal’ > *gándara*, ‘superficie pedrosa; terreo inculto’.
(FERNANDO CABEZA QUILES: 1992, 97).

Zona lúdante co monte "O Preguntoiro" no barrio de Mañente.

Neste lugar, ao finalizar a guerra civil en 1939, estivo acampado un destacamento militar do exército de terra con soldados de diversos puntos de España.

A súa misión era observar que non se producían novas revoltas militares na veciña Asturias.

Vivían en barracóns construídos en madeira e abastecíanse da auga dunha fonte da zona de Cainzal de Arriba en A Corredoira.

A Granda foi escenario dos primeiros pasos do equipo de fútbol local, por que os xogadores do C. D. Foz utilizárono como terreo de xogo, aínda que en realidade este non foi o primeiro lugar elixido polos mozos amantes do fútbol.

Tamén aquí ocorreu un macabro crime, foi o día 10 de agosto de 1951.

A vítima chamábase Hipólito Marful, máis coñecido por "O Chorlo", dedicábase ao aluguer de vacas para os labregos con poucos recursos (chamábaselle VACA POSTA).

O de vaca posta era que os propietarios de vacas deixábanlles aos labregos en aluguer pagando una cota determinada de cada equis tempo, e incluso se a vaca chegaba a parir, os labregos que a tiñan alugada debían pagarlle un tanto por cento á parte ao propietario.

O Chorlo tiña un prado da súa propiedade aquí na Granda e unhas familias xitanas ocupárono cos seus animais sen o seu consentimento para pacer. Ó querer botalos do lugar, os xitanos mallárono a paos ata darlle morte e ao final asañáronse con el enchéndolle a boca de pos Z-Z.

Ao chegar ao barrio de Vilaxoane e a moi poucos metros da capela de San Brais, temos o lugar chamado A Pena, onde no seu día existiron varios negocios como foron a Casa Morán, o Forno de José, o Muíño de Amadora a Casa de Seco e tinturaría Barcelonesa.

ZONA DE MALATES

Fitónimo (flora).

Orixe latina.

Latín *iunco* ‘xunco. Baixo latín **iuncaria*, **iuncale* ‘sitio de xuncos’.

Sufixo –EIRA. Abundancial de “xunco”, ‘onde hai moitos xuncos’.
(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 199).

Nesta zona que é coñecida por Malates, existiu durante moitos anos un verquedoiro de lixo municipal, que foi selado definitivamente polo concello de Foz en 1996.

Tamén nesa mesma década, en 1993, construíuse o Campo de Fútbol Municipal. Cabe destacar a existencia noutro tempo de varios castiñeiros desde onde se divisaba perfectamente a zona da Xunqueira.

OS PASOS DE MALATES

Chamábanlles pasos a unhas pedras colocadas nos ríos para poder cruzalos dunha beira a outra, aínda que na maioría dos casos solo se podía cruzar de marea baixa.

Debían cruzarse con moita precaución, pois eran moi lamacentos a causa da auga e resultaban moi escorregadizos.

Era unha forma de cruzar o río sen ter que desprazarse para buscar un lugar onde houbese unha ponte.

ESTALEIROS NÉCEGA

O fundador dos estaleiros Nécega foi Juan María Nécega Somoza. Constrúe as súas primeiras lanchas como carpinteiro de ribeira na rúa hoxe coñecida por Concello de Barreiros no ano 1916. Máis tarde trasládase ao almacén de Lola Fanego (nai de Jonny), na actual Avda. da Mariña (onde está hoxe Caixa Bank).

Este estaleiro sofre un novo cambio e é trasladado para o lugar chamado "A Fonte" (no seu día alí houbo unha fonte, de aí o seu nome) esa zona é onde hoxe está a piscina municipal.

A construción da nova explanada portuaria en 1951, obrígoa a desprazar de novo o estaleiro para "Folgueiras" onde prosegue a súa tarefa de construtor de barcos axudado polo seu fillo Juan Jesús Nécega Gallo que seguiría á perfección a obra de seu pai.

Os estaleiros Nécega convértense nun grande referente na construción de barcos para a pesca, proba diso é que chega a construír o barco máis grande do mundo feito en madeira, o "Berriz Gure Naia", para o País Vasco. 9 de abril de 1989. Compre destacar que estes estaleiros eran os únicos de Foz autorizados a construír barcos de máis de 60 toneladas.

O neto e fillo dos mestres carpinteiros de ribeira, Jesús Nécega Rodríguez, tamén queda na historia ao construír a primeira embarcación con folio de Lugo.

A embarcación con base no porto de Burela levaría o nome de "Troula".

ZONA DE FOLGUEIRAS

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Orixe latina.

“Folgos” (s. m.), “folas” (s. f.), ‘ondas pequenas’.

(PACO RIVAS: 2016, 114).

CARRO-VARADOIRO DE CÉSAR BELTRÁN ARES

Os estaleiros de César Beltrán Ares fundáronse a principios de 1950 en sociedade co seu irmán José (O Moreno). Estes estaleiros estaban no Corgo (A Rambla - hoxe Praza do Conde de Fontao) ao lado do adro da igrexa parroquial.

Máis tarde, estes estaleiros foron trasladados á explanada portuaria (onde agora está o chiringo de Siso). Aquí constrúense barcos como: Hnos. Manzano ou Daniel Iturróz.

Disoluta a sociedade co seu irmán José, o estaleiro sofre un novo traslado, constrúeo nesta zona de Folgueiras e será carro-varadoiro para a limpeza de fondos, pintado e reparación en xeral de barcos de pesca.

Este carro-varadoiro comeza a funcionar o día 25 de maio de 1961. Cesou a súa actividade como carro-varadoiro en 1978.

Actualmente utilizado como “Escola Taller”.

PUNTA DA ARNELA

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

Orixe latina.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: ARNELA. Autores como E. Bascuas relaciónano coa forma hidronímica paleoeuropea **arn-*(como nos casos de "Arnoia", "Arnela", etc), derivada da raíz indoeuropea **er-*'fluír, moverse'. Tería un significado de "corrente de auga", e despois "casca dos castiñeiros e carballos" ou "casca de árbore usada de canlón para conducir a auga". O dicionario define "arnela" como "praia en costa aberta, que se mete entre dous montes, e na que xeralmente desauga un río ou regato". Este significado parece tamén encaixar por analoxía co concepto de "canlón para conducir a auga" citado antes.

Algúns autores derivan "arnela" do latín **arenella*, encaixando co significado de praia citado, aínda que non coas outras acepcións. Tampouco explicaría topónimos como "Arnoia".

No 1753 aparece atestada a "Arnela" no Catastro de Enseada, ao referirse aos límites da freguesía de Foz. Igualmente, no Catastro de enseada para Vilaronte (1753) aparece atestado este lugar, ao referir os límites desa freguesía.

Desta punta, compre destacar que se arrancou pedra para a construción da actual explanada portuaria, onde se celebra o mercado semanal, as festas e lugar onde está a piscina municipal. Principios dos anos cincuenta do pasado século XX.

RÍO CENTIÑO

O nome de “Centiño”, vén do diminutivo CENTEO, ou sexa, de “CENTEIÑO”.

Este río nace na LAGOA, lugar que pertence ao monte da Granda Cha en Os Regos Cativos, na caída da Frouxeira do barrio da Ermida en San Martiño e Rego de Villarino.

Beben das súas augas, as fontes de Fornelos, Os Teixos, Ás Plantas e Rego de Pereiras.

Despois de 11 quilómetros de percorrido, desemboca na Ría de Foz. Noutro tempo existiron neste río preto de 50 muíños.

Imos coñecer algúns dos seus nomes e os barrios onde estaban situados río arriba:

Muíños de Amadora e Mariña en Vilaxoane; muíño de Leandro en Porto; muíños de Longarela, Andrés, Sindo e Anxel do Sal en Río; muíños de Balbino, Estevo e Friol en Vintín; muíño de Ás Granxas en Vilacendoi, muíño de Oirín en Oirín; muíño de Flora no Caritel; muíño de Peal en Rúa; muíño de Vao en Vao; muíño de Arieras entre os barrios de O Carme e Reiríz; muíño de Ladrido en Ver; muíño de Machuco ou Lamavella en Machuco; muíño de Cardoxe en Vilatuixe lugar de Cardoxe en Santa Cecilia.

RÍA DE FOZ

A desembocadura do río Centiño ao mar Cantábrico, conxuntamente co río Masma, forman a RÍA DE FOZ.

O río Masma nace no municipio de O Valadouro e percorre os municipios de Abadín, Mondoñedo, Lourenzá, Barreiros e Foz.

Ten 46 Km. de lonxitude.

O río Centiño nace no barrio da Ermida da parroquia de San Martiño do propio municipio de Foz.

Ten 11 Km. de lonxitude.

Cabe destacar desta ría que é un magnífico refuxio de aves acuáticas.

“A foz do Masma” (desembocadura do Masma).

O LOMBO

Zona que comprende a Ría de Foz na desembocadura dos ríos Masma e Centiño.

Esta zona foi moi abundante en berberechos.

Tamén noutros tempos, os lancheiros cruzaban o Lombo coa marea alta para trasladar a San Cosme ás pescantinas a vender aló o peixe e incluso nalgunhas ocasións, cando alguén falecía en Foz, íase a San Cosme encargar o cadaleito que

naquela época facíanse á medida da persoa falecida.

O encargado de ir polo ataúde era levado á outra beira en lancha, e logo dunhas horas, volvían a buscalo traendo para Foz a caixa xa feita. Cando non había lancheiros dispoñibles ou o mar estaba bravo, ían pola estrada e para o seu transporte utilizaban un burro.

O CORVEIRO

Aclaración sobre do topónimo Corveiro ou Curveiro:

Sempre foi coñecido por Curveiro, pero os máis vellos lembran chamarlle Corveiro xa que se di que o seu nome ven de corvo, por que nese lugar abundaban os corvos e aí aniñaban. Para asegurarme deste tema púxenme en contacto co Arquivo de Toponimia de Santiago de Compostela onde se me comunicou que oficialmente está rexistrado como CORVEIRO.

Nesta zona, cando aínda chegaba o mar, houbo sobre 1940, un criadeiro de ameixas propiedade do empresario local Jesús Cageao, coñecido popularmente por “Papaito”.

OS LAIOS NO CORVEIRO

Unha das curiosas anécdotas acontecidas no Corveiro foi aló por 1952, tratábase duns estraños laios que se ouvían polas noites. Eses laios escoitábanse ao lonxe por que o silencio da noite axudaba a esparexelos.

Algúns veciños, quizais con ánimos de meter medo ás xentes, dicían que eran as almas en pena dos fundadores don Eliseo Martínez e a súa dona Pilar Otero, polos cales se dicía de oficiar unhas misas para que as súas almas descansasen en paz e eses laios, supostamente deles, desapareceran.

Tamén José Rey Pena (Papachao) popular contador de preciosos relatos, anécdotas e historias, dáballle candela ao asunto engadindo que se trataba dos laios ou asubíos dunha enorme serpe que tiña no Corveiro un niño con crías.

Pero, por fin!, un grupo de atrevidos rapaces do Campo da Cabana desentrañaron o misterio. Tratábase de Emiliano Ruiz (Milito), José Ramón Teijeira (de Cheiño) e Francisco Otero (Paco de Marica). Un día, colleron unha corda e amarraron a ela a Milito que era o mais novo e o que menos pesaba, e baixárono ata unha zona da que supostamente saían tales laios. A sorpresa foi maiúscula, nin eran as almas en pena de don Eliseo nin de dona Pilar nin tampouco se trataba de ningunha apocalíptica serpe coas crías, era nin máis nin menos que o niño de curuxas.

A FONTE

Fai moitos anos, a este lugar desprazábanse as mulleres para coller auga en tempos en que non había auga nas casas nin fontes públicas.

Compre destacar que para coller auga debían de agardar a que estivera a marea baixa, pois estando o mar en preamar a fonte quedaba asolagada.

Para acceder a esta fonte, facíase por un camiño que baixaba polo prado de José

Rodríguez (O Pisón). Cando éramos nenos, aló polos anos 50/60 do pasado século, xogábase neste prado a dar “os pinchacarneiros” por que a parte de ser brando pola herba tamén era costento e axudaba a dar as voltas.

As fontes públicas foron instaladas en foz no ano 1952 cando tamén se fixo a primeira traída de augas, sendo alcalde Paco Maañón. Foron inauguradas, o día 13 de xullo de 1952.

A esta zona foi ao que por terceira vez se trasladaron os estaleiros Nécega.

(Primeiramente estiveron na hoxe rúa Concello de Ribadeo e despois na Avda. da Mariña na casa de Lola Fanego (nai de Jonny) ao lado da casa de Martín Maañón).

O ÁNGULO

Para a construción da nova explanada portuaria, precisaron separala do mar por mediación dun muro, dito muro para adaptalo acabou formando un ángulo obtuso, de aí que se lle dese en chamar a ese punto “O ÁNGULO”.

Este novo porto, foi construído aló polos anos 51/53 do pasado século XX.

A pedra utilizada para a súa construción, foi extraída do monte O Preguntoiro na outra beira do río Centiño.

Para traer a pedra desde o monte, precisaron facer unha pasarela de madeira a xeito de ponte para cruzar o río Centiño e a pedra era traída dende a outra beira por mediación de vagonetas tiradas por cabalos.

Os cabalos de cada pouco íanlles dar de beber a unha fonte pública que había na hoxe Praza Salgado Toimil (pegada á casa de Candia).

Os cabalos eran propiedade da empresa constructora Entre Canales y Tábora.

O encargado destas obras era Ramón Yano (O Pallarego).

Toda esta parte que vai dende o porto vello ata os estaleiros, chamouse “O Muelle Novo” para diferencialo do xa existente, e este ángulo era un dos lugares idóneos dos rapaces para bañarse pola accesibilidade das escaleiras.

A idea da construción deste novo porto, foi a de ter unha explanada para poder cargar e descargar os barcos de cabotaxe sen ter que estorbar no día a día das actividades pesqueiras do único porto existente.

Aquí era onde os madeireiros depositaban a madeira que con camións traían desde os montes. A madeira viña en táboas as cales eran simetricamente colocadas e formaban unha torre que semellaba á da homenaxe dos castelos e por iso lles chamaban “castelos” e tamén a madeira viña en rollas.

Os principais madeireiros que utilizaron esta explanada foron Damián, Brais e Montoño de Vilaronte e Barcia de Santa Cecilia.

Para nós sendo nenos, era unha ledicia esperar no peirao a chagada dos barcos nos cales viñan cada un de nosos pais.

Xogábamnos por entre os rolos de piñeiro colocados no porto, e incluso descoñecendo o perigo ao que nos arriscábamnos, subíbamnos a eses castelos de táboas para meternos pola parte de dentro. As táboas podían con nós por estar suxeitas polo seu propio peso, pero a medida que íamos subindo, as táboas estaban menos suxeitas e podían virse para abaixo polo noso peso. A Deus gracias nunca nada ocorreu por que cada unha das táboas pesaba máis ca nós e esa era a razón pola que soportaban o noso peso e podíamnos dar a volta para meternos por dentro.

Pero si, nunha ocasión na que eu non estaba no peirao, xurdiu a desgraza, a nena Olga Moreda Pinto, filla de Concha a Portuguesa e de Benacho, foi vítima dun rolo de piñeiro que lle caeu na cabeza mentres agardaba a que seu pai chegara do mar e alí deixou a súa vida. Un tremendo día de loito para Foz.

Anos máis tarde de rematadas as obras neste porto, procederíase á construción das 32 casetas para os apeiros de pesca dos mariñeiros máis unha que fai esquina que sería a casa do garda portos, finalmente só dedicada a oficina do mesmo.

A curiosidade dun dos garda portos que durou como tal moitos anos, e que se chamaba Emilio Méndez coñecido por “Jamón, Jamón” pola súa excesiva tolemia polo xamón, pois dáse a casualidade que este home era natural da Fonsagrada, dato moi estraño daqueles tempos de que un do interior estudase ou tivese unha profesión vinculada ao mundo do mar. Sucedeuno o seu fillo Antonio Méndez Fanego (Jonny). A nai de Jonny, Dolores Fanego, era natural de Foz.

Nestas casetas era onde os mariñeiros arranxaban as distintas artes de pesca, incluso naqueles tempos en que os aparellos eran de fibra natural, adoitaban cocelos con auga e cortiza de piñeiro, o cal renováballe a cor, fortalecía as mallas e quedaba case como novo. Tamén as redeiras se acubillaban en tempo de inverno para coser as redes.

Nesta explanada, tamén se instaláron uns postes verticais de cemento e sobre deles outros postes de madeira a xeito de porterías de fútbol para sobre deles colgar os aparellos a secar e ao mesmo tempo repasalos dándolles cosidos onde estivera roto por que así colgados era máis fácil o labor.

Tamén podemos destacar que nesta zona foi reconstruído o “GP” (Gal Pon) que era un almacén que primeiro estivo na beira do porto na hoxe praza Conde de Fontao, dito “GP”, tamén foi derrubado nos últimos anos, por innecesario (borrar esta palabra), pois ao non haber barcos de cabotaxe o seu servizo era innecesario.

Nos últimos anos foi utilizado pola empresa Basazuri da familia Jaureguizar para gardar o caolín e o mineral que transportaban barcos de cabotaxe como o Adela e o Sofía López de Damián López Ferrería.

PENA DO MÓGARO

Topónimo composto con nexo preposicional e artigo contractos.

1º Elemento do composto: PENA.

Orónimo (referido a orografía).

Orixe latina.

Latín *pinna(m)* ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo. Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.
(PACO RIVAS: 2016, 177).

2º Elemento do composto: MÓGARO.

Zoónimo (referido a fauna).

Mógaro (s. m.). “Peixe pequeno da familia *Gobidae* (NC. *Gobius niger*), de corpo cilíndrico e cor escura, con escama ou sen ela, cuxo trazo característico é unha ventosa formada pola fusión das alas ventrais que lle serve para fixarse ao fondo. Atópase pola costa, aínda que tamén se pesca por terra, cando queda nas pozas na beiramar.”

(PACO RIVAS: 2016, 154).

Cítao M. C. Ríos Panisse: *mógaro* (Ribadeo, Rinlo), *mójaros* [con gheada] (Viveiro). (Mª DEL CARMEN RÍOS PANISSE: 1977, 384).

Esta pena estaba situada máis ou menos onde comezan as casetas dos mariñeiros mirándoas dende o peirao.

Nese lugar é onde montou o “chiringuito” Narciso Rodríguez (Siso), aló polo ano 1978.

Nota: Ao “mógaro” en galego chámase “lorcho”. Nome científico, *Gobius* sp.

A RAMBLA

Chamábaselle A Rambla aínda que en realidade debería chamárselle CORGO.

Trátase da zona onde hoxe comprende o xardín Conde de Fontao na parte de diante do adro da igrexa parroquial.

O corgo é o leito natural das augas pluviais ou choiva.

En galego pode ser: Corgo, Corga ou Córrago o de Rambla é un castelanismo.

Sobre 1958 constrúese o xardín e bautízase co nome de “Conde de Fontao” que cambiaría o nome da praza, de A Rambla pasaría a chamarse Praza Conde de Fontao.

Nesta praza era onde se celebraban tódalas festas: San Lourenzo, O Carme, San Cristovo, Día de Mondoñedo, etc. e incluso un ano tróuxose para aquí a orquestra que amenizou a festa do San Bartolo, que aínda que se celebraban no prado de Andarramos, quizais pola comodidade do piso xa que aló era herba e aquí era cemento, tróuxose para esta zona.

Enchíase de atraccións como os famosos “Caballitos”, tómbolas como por exemplo a Rodríguez de Lugo, “El Ratoncito Pérez” que viña a ser un coello e incluso en tempo de inverno celebrábanse funcións de teatro ao aire libre con entrada gratuíta polo que os artistas pasaban bandexa, chegando a Foz o famoso “Cosmín” que era un anano moi gracioso ou o tamén o popular “Pocapena”.

Aínda que non foi unha zona moi comercial, houbo e hai algúns negocios que marcaron época como por exemplo “El Funcional” propiedade de M.ª Concepción Cuesta Olivares (Marichita, señora de Jaime Beltrán). Este comercio fundado a

mediados dos anos 60 do século pasado, ultimamente dedicábase á venda de porcelana de Sargadelos e hoxe é un bar.

O emblemático restaurante “O Lar” fundado como tal no ano 1962 por Antonio José Méndez Dorado e a súa dona María Luisa Fraga Vázquez, unha gran profesional dos fogóns.

Este local anteriormente era o bar e estanco propiedade de Antonio Rodríguez (O Maragato), que ao traspasalo, montou o seu negocio a escasos metros de aquí na hoxe coñecida como rúa Valle-Inclán.

Do restaurante “O Lar” podemos destacar os grandes intercambios gastronómicos realizados entre a “Piña O Lar” e a “Piña O Ulla” de Monterroso, ditas xuntanzas culinarias foron organizadas varios anos.

Outro dos eventos que xurdiron neste restaurante, foi o partido de fútbol entre os equipos “Taza O Lar” e os “Madeiristas” dito informal encontro era coa idea de recadar fondos para a residencia de anciáns. Oficiaban de adestradores, Carlos Rodríguez, médico titular de Foz por “Taza O Lar Club” e Germán Sampaño, garda forestal polos “Maderistas Puntal Club”. Este encontro de fútbol xogouse o día 2 de maio de 1963.

Este partido, e por pre amaño dos dous equipos, quedaron empatados, pero ambos adestradores sentáronse á mesa no centro do campo a disputar o desempate cunha partida ao tute, perdendo “Taza O Lar” por que o seu adestrador Carlos Rodríguez levaba tres cartas de mais, quizais outro pre amaño ;quen sabe...!.

Compre destacar, que o equipo de “Taza O Lar Club” foi desprazado ao Estadio Martínez Otero nun camión basculante da ferraxaría Bahía coa idea de entrar así no estadio e bascular dentro aos xogadores, pero o intento frustrouse por que o camión non collía pola porta do campo de fútbol.

Tamén debemos destacar que a tan popular “Piña Os Larpeiros” nada en 1975 no bar de Narciso Rodríguez (Siso) sito na baixada á Ribeira, e que ao trasladarse Siso para o chiringo do porto, os Larpeiros fan do Lar o seu novo fogar formalizándose como piña no desfile de entroido de 1982 despois dunha impresionante bacanal romana. Sen lugar a dúbidas, foi a máis famosa das piñas de amigos que existiron en Foz xunto coa “Piña Taza O Lar”.

Á xubilación de Antonio e María Luisa, seguen ao fronte del a partir de 1991, a súa filla María Luisa Méndez Fraga e o seu marido Simón Mariano Carriego Gómez os cales no ano 2007, desexan poñelo de acorde cos novos tempos facéndolle unha notable reforma.

Despois deste restaurante, existe a Casa de Eliseo López Veiga (de Botes) onde polos anos 30 do pasado século, Manuel Casas fundou o bar “El Capitolio” que daría paso a mediados dos anos 50, a un almacén rexentado polo propio Eliseo López e que vendía entre outras materias, cementos “Ziurrena”, logo transformábase en Banco de La Coruña absorbido polo Banco de Bilbao e máis tarde a súa filla María Teresa (Te de Botes) montaría un comercio.

Seguindo a ruta por esta zona, atopariámonos co edificio construído por Jeremías Pardiñas no que nos baixos existiu un almacén de bebidas traballando nel tres socios: Fernando García, Rafael Moscoso e Santos Marqués. Ao peche deste negocio, e nese mesmo local Armando Rodríguez montou un taller de reparación de motores de embarcacións. No entresollado deste edificio estivo a sé social do PSOE.

Proseguindo a rota, un pouco máis adiante, tivemos o bar “La Rambla” propiedade de Graciano Beltrán que máis tarde sería o comercio da súa dona María del Riego.

Se continuamos, está a casa de Manuel Mera Amoroso, portugués de orixe e casado coa focega Elisa Morán, irmá do popular viñateiro Morán. Nesta casa, houbo taberna ultramarinos e máis tarde, eses mesmos baixos serían o garaxe onde gardaría o taxi da súa propiedade.

Despois temos a casa onde existiu nos baixos o bar La Viña, logo máis tarde as Loterías de Eliseo Castiñeira (Lilite) que pasarían a ser as actuais loterías Foz de Nieves Moreda e no primeiro andar o Xulgado de Paz.

E xa na seguinte casa teríamos no primeiro andar a perruquería de Josefa Beltrán (Pepita de Abel), na que tamén nos baixos tivo un pequeno bazar súa irmá Maribel.

En maio de 1958, o entón alcalde Rogelio Rey Lorenzo, manda construír aquí o actual xardín, dita zona de chamarse A Rambla pasa a ser “Praza Conde de Fontao” por aprobación municipal.

A VIÑA

Zona que está entre o Centro Social e o parque infantil do xardín Conde de Fontao.

Indiscutiblemente que o seu nome ven dos viñedos que antigamente abundaban nesta zona ou quizais un celeiro de viños aí situado.

A DÁRSENA

A dársena e a parte resgardada artificialmente en augas navegables disposta para a carga e descarga.

Esta dársena foi testemuña de moitas historias e anécdotas e imos poñer algunhas: Nos anos 40 do século pasado, descargáronse neste peirao moitísimos centos de quilos de chicharrón (xurelo) que sacaron moita fame ao pobo de Foz.

Outros produtos mariños que se rexistraron no noso peirao, foron: Sardiñas, bonitos, congros, mariscos, luras, xibas e un longo etc.

Tamén houbo frecuente tráfico de madeira transportada en barcos de cabotaxe, apeas para minas, táboas, sal, etc..

Foi escenario das procesións marítimas coa Virxe do Carme e tamén da procesión de San Lourenzo patrón de Foz, así como de actividades lúdicas en tempos de

festas: cucañas, tirada do porco ao mar, regatas de distintos deportes destacando a Travesía á Ría de Foz que naceu en 1962 e incluso un concurso de “pegatetas” ou tirada á corda entre Os Larpeiros e Os Bigotudos.

Destacamos tamén una curiosa nota, cando os barcos saen para o mar, estean na posición que estean atracados no porto, sempre sairán ao mar poñendo proa á igrexa parroquial.

O PORTO DE FOZ

Pouco sabemos sobre o porto de Foz e do que consta escrito sobre a nosa historia, os datos son bastante dubidosos.

A pesar de todo, podemos consultar o libro "Recuperación da Memoria Histórica" de Piar López Pérez e Juan R. Fdez. Pacios, editado pola Deputación Provincial de Lugo, no que nos atopamos con textos referidos ao noso porto, extraídos de antigos e fieis documentos.

O libro di así: "Para Amor Meilán é indiscutible a presenza fenicia en A Mariña e máis concretamente en Foz, co asentamento dunha factoría".

López e Pacios non nos confirman a exactitude da situación do porto, pero si nos indican que puido ser na zona que hoxe se coñece por "Rego de Foz" na praia da Rapadoira, e pode que unha das rochas da parte occidental tamén en A Rapadoira avale esta teoría, pois a esta rocha coñécena polo hidrónimo de "escairo" que puidese ser unha malformación lingüística da palabra "socairo" moi utilizada polos mariñeiros ao buscar un lugar para evitar os fenómenos climatolóxicos e que significa "o que tensa unha corda" ou "resguardo ou abrigo que ofrece unha cousa no seu lado oposto ao vento".

O porto de Foz, continúan López e Pacios, "aparece ligado a varios produtos de exportación como a madeira, pero será a balea a que lle de maior popularidade histórica. De Foz como porto baleeiro hai pouca información e isto débese a, como ben di Elisa Priegue: "El hecho de que las bases balleneras fuesen pequeños puertos señoriales contribuye a explicar la falta de documentación sobre esta industria".

A referencia máis antiga sobre a existencia dun porto que puidemos atopar en Foz é do ano 969, atopámolo no "Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo", neste documento anónimo que leva por título "Mamoria de la Fundación del Monasterio de San Salvador de Lorenzana y de los abades que han tenido desde su fundación hasta este presente año de 1723", fala sobre do sartego do Conde Santo e sitúanos na era de M e VII que vén a ser o ano 969, se ben á primeira vista este documento semella non achegar moitos datos, pois tan só dedícase a falar de como chegou o sarcófago a terras galegas, di: "*Caminando el sepulcro con su cubierta sobre las augas todo el mar Mediterráneo... vino dar en el puerto que entonces chamaban Moreda y ahora de Foz, sin reparar los naturales estotro día en lo que había traído la marea*". Non puidemos atopar, afirman López e Pacios no seu libro, ningún outro documento onde aparece o nome de Moreda para designar o que hoxe é Foz.

Para Manuel Vázquez Seijas, proseguen López e Pacios, o topónimo Moreda "deriva de moral o moreal, sembrado o plantación de moreras, extensamente cultivadas en la España Levantina y Meridional", o cultivo de moreiras como sabemos, ten como finalidade alimentar coas súas follas o verme de seda, cousa que nos parece moi improbable que tivese lugar en Foz ".

Unha das grandes anécdotas da que dispoño, trata de marzo de 1762 de acordo coa testemuña de Eduardo Lence Santar y Guitián na súa obra “Mondoñedo. El convento de Alcántara”, a ameaza dunha incursión inglesa no noso porto, alertaría á poboación focega. Nesa data, mentres trataba de entrar no porto un falucho procedente das Rías Galegas, un corsario inglés veuno acosando ata moi cerca da barra. A pesar dos contratemplos, a barca galega arribou no noso porto, mentres os ingleses, unha vez que ancoraron o seu navío nas proximidades, penetraron no porto nun barco pequeno. Despois de saquear a pinaza galega, os corsarios asasinaron ao capitán. Cando os habitantes de Foz se deron conta do que pasaba, lanzáronse en auxilio da tripulación galega e fixeron que os corsarios ingleses fuxiran precipitadamente do pobo.

As fotos que puidemos atopar sobre o porto de Foz, sitúano onde está hoxe, pero compartindo lugar co actual xardín Conde de Fontao e estas fotos son de principios do século XX.

O que si sabemos con certeza, é que a nova explanada portuaria (coñecida polo Muelle Novo) onde se celebran as festas patronais e do Carme, data de principios dos anos 50 do pasado século, concretamente as obras comezaron ou finais de 1951 ou principios de 1952.

A actual explanada coñecida hoxe por Avenida da Ribeira, zona axardinada e onde está a Casa do Mar e CENIMA (Centro de Interpretación da Mariña) e o pequeno porto deportivo na zona de Tupide, foron obras realizadas entre principios e mediados dos anos 70 do pasado século.

No lugar onde hoxe se atopa o CENIMA, houbo no seu día varias fábricas de conservas cuxo uso foi variando para albergar ata hai pouco o Club Náutico de Foz que no ano 2008 foi derrubado para realizar esta nova construción. O CENIMA foi inaugurado pola ministra de Medio Ambiente, Elena Espinosa Mangana e o alcalde de Foz, José M.^a García Rivera, o día 8 de febreiro de 2010.

A primeira fábrica de conservas situada neste lugar correspondía á empresa SALVATIERRA, que a comezos do século XX pasou a chamarse SILVARREY.

No ano 1934, a familia SAN JUAN, procedente de Viveiro, compra o terreo destas fábricas, son derrubadas as instalacións e constrúese unha nova. Así nace a empresa conserveira que baixo a dirección de José Antonio San Juan pasa a chamarse “Conservas y Salazones Ínsua - San Juan”. Esta empresa conserveira vai á quebra e pecha definitivamente as súas portas no ano 1968.

Nos anos 60 do pasado século, instálase no lugar que correspondería á vivenda familiar a ESCOLA DE FORMACIÓN NÁUTICA PESQUEIRA, onde rapaces novos de Foz e de distintos puntos da costa de Lugo se formaban para sacar títulos

de patrón e motoristas de pesca de baixura. Tamén nos anos 70, estas mesmas instalacións da vivenda familiar, se converten en local social da Asociación de Viúvas e na parte que corresponde aos baixos, instálase o operativo do 061 de urxencias médicas.

A mediados dos anos 80, nace a idea de crear a Sociedade do Club Náutico, ocupando as instalacións que noutro momento corresponderon á fábrica de conservas. Estas instalacións constaban de oficinas para o Club Náutico, Sala para Exposicións e Proxeccións de Vídeo, unha pequena Biblioteca con mesas para a lectura e xogos de xadrez, dominó, cartas, damas, etc. Contaba tamén con servizo de cafetería baixo contrato do local, situado na parte interna da nave que daba a un patio ao aire libre, onde se gardaban piraguas e outros elementos deportivos, e onde durante o verán se facían bailes con orquestra, así como degustacións culinarias (sardiñadas, mexillonadas, queimadas, etc.). No local que corresponde á biblioteca ou na sala multiúsos, impartíronse diversos cursos teóricos de práctica de remo, vela, prevencións de riscos no mar e mesmo cursos de debuxo. Nestas instalacións fixéronse tamén exposicións organizadas polo colectivo cultural O Feitizo de Foz, pintura e cerámica e mesmo cursos de pintura.

Este lugar foi seleccionado para proxectar un vídeo sobre Foz organizado pola ACIA local e que se titulaba "Foz, un lugar de ensueño" e tamén a comisión local de carnavais organizou a primeira exposición fotográfica con proxección de vídeo sobre o entroido de Foz.

A RIBEIRA

A Ribeira, así a chama este emblemático lugar de Foz onde antano o mar bicaba constantemente a area e onde os pequenos barcos e barcas deixaban repousar os seus ventres nas horas de baixamar. Recordando algúns dos moitos que aquí arribaron podemos mencionar a: Club do Mar de Patarroxa, Milagrosa de Marita de Ribadeo, Mari Carmen de O Xuez, Alfa de Chao e de Catalina, Glorioso San José de Capeludo, María de Atilano, Exploradora de Chao e un longo etc.

A Ribeira mira infatigable á Ría de Foz, onde o río Masma e o río Centiño fan os seus últimos esforzos para desembocar ao mar Cantábrico.

A Ribeira, foi o punto de encontro de pescadores e pescantinas. Era a súa vida: o mar, a mar, os mares, porque Foz é mar e non se pode falar de Foz sen mar por medio e por que dende antano o mar foi a nosa grande fonte de ingresos, pero tamén de aventuras: boas e malas, de puntos de reunión, de conversas, de risas e como non, tamén de bágoas. Do correr e xogar dos nenos, de fermosos romances e soños de amor, o espello do sol e da lúa, das noites silenciosas con imaxinarios cantos de sereas e dos días soleados que escurecen a nosa pel.

A historia de Foz fálanos constantemente do mar. Se miramos cara a Barreiros, ao Noroeste, veremos a "Pena do Altar" da que Villaamil e Castro, no seu libro "Antigüedades prehistóricas de Galicia" relaciona, a esta pena, con antiquísimos usos druídicos nos que os "Druídas" ou sacerdotes celtas ofrecían sacrificios aos seus respectivos deuses.

Tamén o ilustre apoloxista das letras lucenses, Amor Meilán, asegura no seu relato dedicado ao noso ámbito local, que, "Posidonio da por indiscutible que Foz era una de esas ciudades establecidas o fundadas por los ártabros", ou ben, e indo mais alá, crea como moi probable que Foz puidese ser "una de aquellas factorías que en el litoral gallego establecieron los tartesos cuando por aquí arribaron".

Moitos son, alén das nosas fronteiras que por primeira vez na súa vida viron o mar. E vírono en Foz, dende a nosa costa, e con eles naceu a lenda. A lenda dos famosos nove baños, pero non en calquera praia do Cantábrico, era no mar de Foz. Viñan de todas partes da provincia e doutros puntos de toda a xeografía nacional a principios do século pasado e aquí recibían o seu bautismo de auga de mar e iodo, sobre todo iodo, porque para iso viñan recomendados por os seus afamados médicos e dermatólogos.

Vénnos á memoria aquela curiosa historia de Rosina Gómez (Rosina da Xacoba) que alá polos anos 30 e 40 do século XX, dispoñía na súa casa duns enormes tanques os cales enchía de auga do mar para quentala e así, cando por razóns climatolóxicas non se podían bañar na praia facíanos nos seus baños a xeito de duchas pero de auga do mar. E iso era aquí, xusto aquí ao lado de A Ribeira.

É o histórico entorno a onde acudían as pescantinas a polo peixe, na cabeza a "bacía" e no seu corazón a ilusión de gañar unhas "perrañas" naqueles difíciles tempos.

Compre destacar, que a "bacía" en galego chámase "patela" e que é unha cesta plana e baixa, pero a "bacía" de Foz é feita de táboas cuns laterais levantados, pero baixos para que o peixe non caera cos movementos.

Os poxadores (ruleiros): Benigno Beltrán, Noé Tapia, Sergio Fraga, Pedro Tapia, José Fernández (Xosé de Socorro), Narciso Rodríguez (Siso), ou José Val (Colás) que co seu monótono cantar salpicaban de números todo o ambiente que para os turistas era unha auténtica novidade. Estes poxadores ou "ruleiros" como se lles chama habitualmente, coñecían perfectamente, xa non a voz, senón o suspiro de cada unha das pescantinas que berraban: ¡ Meu!, cando estaban de acordo co prezo do peixe. Eran as voces daquelas "enxebres" pescantinas: Manuela da Broca, M.^a Antonia Martínez ou a súa filla Cándida Pérez avoa e nai de Teodoro García (O Coiote) transportista de peixe ao igual que seu irmán Claudio. Tamén Teodoro Paleo (O Roxo), Alfonso Rodríguez (O Chúcaro), Benjamín Rey (Jamucho), Jesús Neira (Suso de Camila), José Rouco, Fernando Fernández (do Bahía) e Daniel Villarino. Outras pescantinas populares: A Pelola, A Corriola, A Zamorana, A Carallana, As Canteiras, A Xica, Os Coiotes, Xefa, A Chinchona, A Cascuda, A Valenta, A Lourina, etc. etc.

A Ribeira foi o escenario no que se instalaron varias fábricas de conservas e salgadura: Salvatierra, Silvarrey, Galbán ou San Juan-Ínsua, entre outras.

Pero tamén o tempo de ocio deu esa grande oportunidade ás xentes do mar. Saltar a terra e achegarse á barra dun bar a celebrar a boa pesca ou quen sabe se esquecer unha mala marea entre chiquito e chiquito nos bares do ámbito: Casa Remigia, Pepa do Muso, A Moqueta, Casa de Estrella, Narciso, O Bólico, O

Cotarelo o cal obrígame a recordar a man mestra da súa esposa Lola que dominaba os fogóns como ninguén destacando polas súas incomparables luras á romana. O Machete, Chingla ou O Chícaro no que aínda hoxe podemos deleitarnos cos seus bos viños e tapas.

Por outra banda, debemos destacar que o porto de Foz, era o único coñecido no que os barcos ao entrar no peirao daban aos curiosos a “CHONA”.

Chámaselle “CHONA” só en Foz, ao feito de dar unha cantidade de peixe gratis ás xentes que ían ata o porto a agardar a entrada dos barcos. Esta solidaria costume (nos conta Antonio Rey - Tom, vello lobo de mar) non era habitual en ningún outro porto, pero os barcos de Foz non só o daban aquí se non tamén en todo porto no que eles arribaban. As xentes que non eran de Foz e que descoñecían esta costume, quedábanse moi sorprendidas e moi agradecidas, sobre todo cando correron os tempos de fame.

PÓSITO DE PESCADORES DE FOZ

O progreso de moitas vilas e cidades da costa debeuse, principalmente, á súa actividade portuaria. A vila de Foz non foi allea a esta actividade, e por iso a súa identidade ten fondas raíces marítimas. O mar foi sempre unha constante na historia da nosa localidade. Pesca, cabotaxe, estaleiros, conserveiras, lecer ou turismo son distintas alternativas que a nosa vila foi desenvolvendo.

Sería difícil precisar os primeiros asentamentos na nosa vila, pero sen dúbida que a vinculación co mundo do mar está na súa raíz. Hai que ter en conta que no noso contorno contamos con restos da cultura castrexa da beiramar (castros, torques, ...) que nos levan a uns 2000 anos de antigüidade. O “torques do Cu do Castro” está datado cronoloxicamente entre os séculos III – I a.C.

Ata o século X poucos son os datos que podemos atopar relativos á nosa vila xa que a “Freguesía de Foz” pertencía ao “Couto de San Martiño”, debido á situación da Sé Episcopal de Mondoñedo en San Martiño no século IX. Moitos documentos da Idade Media refírense a este Couto sen especificar parroquias ou freguesías.

Antes do século XVI varias referencias indícanos a existencia de distintas actividades económicas en Foz, principalmente pesqueira, sendo a sardiña o seu referente principal.

A creación do porto de Foz ten lugar no século XVII coincidindo coa pesca de baleas. Esta creación prodúcese a raíz da concesión polo bispo de Mondoñedo do foro do porto ao rexedor mindoniense Álvaro Pérez Osorio o 24 de novembro de 1607, para que “dicho puerto pueda armar a ballenas tan solamente y no para otra cosa y hacer acerca de la dicha caza de ballenas lo que le conviniese por sus armadores y balleneros como suelen hacer y haber en otros puertos de este nuestro obispado”.

A actividade baleeira en Foz e Nois desenvólvese desde 1605 (fundación do porto de Nois) e 1607 (concesión do foro do porto de Foz), ata a segunda década do século XVIII, que coincide coa decadencia baleeira vivida nos portos galegos e

asturianos.

Nas nosas costas xogaron un protagonismo especial na pesca de baleas, e doutras especies, as compañías baleeiras vascas. A actividade desenvolvida por San Cibrao, Burela e Foz na primeira metade do século XVII permitiu o comercio de graxa con mercadores de todo o Cantábrico.

No noso porto tamén xogaron un importante papel os estaleiros e o tráfico comercial, principalmente a exportación de madeira. Desde o século XV ata finais do século XX encontramos referencias a estas actividades.

No século XX entraban no noso porto un considerable número de buques con mercadorías de todo tipo, saíndo de novo con madeira, colocando a Foz como porto importante exportador da provincia. O embarque e desembarque de mercadorías dos bergantíns, quechamaríns e barcos de cabotaxe era habitual.

Cunha actividade profesional tan dinámica os mariñeiros de Foz, apoiados por autoridades e outras persoas benfeitoras da vila, van constituír a Sociedade “Pósito de Pescadores de Foz”. Isto ocorre o 23 de xuño de 1929. Na acta de constitución pode lerse: “leído que fue el Reglamento aprobado por el Sr. Gobernador Civil de la provincia, se invitó a todos los presentes que lo desearan a inscribirse como socios, haciéndolo en número de ciento treinta. A continuación se procedió al nombramiento de la Junta de Gobierno para lo que fueron elegidos los señores siguientes: Presidente, D. Ricardo Ribera; Vicepresidente, D. José M.^a Fiallega; Secretario, D. Antonio Goy Díaz; Vicesecretario, D. Ramón Salgado Toimil; Tesorero, D. Balbino López Rodríguez; Contador, D. Ramón Méndez Val; Vocales, D. Manuel Fraga Penabad, D. Jesús Castiñeira Ramos, D. José M.^a Beltrán Lamas y D. Ramón M.^a Fraga Fernández”.

Segundo o Libro de Rexistro de Socios, a idade dos pioneiros do Pósito do mar focego deste ano 1929 oscilaba entre os 16 e os 66 anos. Os máis novos, menores de vinte anos, eran: Abelardo Otero Ares (16); Ramón e Pedro García López (17); José Otero Blanco, Cándido Otero Blanco, Antonio Navarro Teijeiro e Ramón Eiras Infante (18); Alberto Otero López, Balbino Fernández Fraga, Pedro Eiras Infante e Rosendo Fernández Beltrán (19). Os máis veteranos eran: Salustiano Alonso Ramos, Ramón Méndez Ramos, Francisco Beltrán Lamas e Balbino López Rodríguez (60); Ramón Beltrán Lamas (61); Leonardo Fraga Penabad (63); Manuel Fraga Castiñeira e Federico Beltrán Lamas (66).

Entre os censados no ano 1929 había mariñeiros que tiñan familia numerosa, sendo os de maior número de fillos os seguintes: Francisco Otero Llano (8); José Ramón Castro Álvarez e Manuel López Martínez (7); Manuel Castro García (6); Serafín Fernández Pérez, Manuel Oroza Doeijo, José Ramón Villarino García, Narciso Rodríguez Gallo, Tristán López Pérez, José María Rey Pagés, Ramón Marful Moreda e Amador Teijeiro Sánchez (5).

O “Pósito de Pescadores”, que logo pasaría a chamarse “Confraría de Pescadores”, veu desenvolvendo moitas actividades ao longo destes 80 anos, unhas directamente relacionadas coa pesca (regulamentos de venda de peixe, xestións para melloras portuarias, aprobación de empregos para cobranza e venda do

peixe, ...); outras de tipo social (creación dunha cooperativa de consumo, creación dunha praza de médico, prestacións económicas en caso de enfermidade, concesión de créditos aos pescadores para utensilios nos seus traballos, implantación de Socorros Mutuos, etc.); e outras de tipo cultural, como por exemplo a adquisición dunha biblioteca (a primeira de carácter popular existente na vila).

Podemos engadir, que no edificio que albergaba estas instalacións, naceu o primeiro cine en Foz aló por 1927.

Para o día da inauguración deste salón dedicado a cine e espectáculos diversos, contouse cunha atracción de fama internacional coñecida polos Diabolinos. O director desta atracción era Juan José Pereira Pereira de nacionalidade portuguesa e casado coa cantante de lírico María Magdalena Consuelo Feliz Pol, natural de Vilanova de Lourenzá, que co seu espectáculo, percorreron tódolos escenarios de Sudamérica e Europa, e que aquí en Foz deixaron encandeado ao público.

Este cine propiedade de Jesús Cageao (Papaito) estaba instalado no bar deste centro, e chamábase Bar Ambigú.

Máis tarde este bar chamaríase Bar Náutico, nun principio rexentado por Manuel Casas e máis tarde por Pedro Marful ata o derribo do inmobile para construír o actual Centro Social.

Aínda que a flota pesqueira e o número de mariñeiros descendeu considerablemente nos últimos anos no noso porto, os barcos de Foz seguen pescando sardiñas, xurelos, fanecas, nécoras, centolos, etc. abastecendo os nosos mercados, como o fixeron ao longo de oito décadas as distintas xeracións da xente do mar.

Texto de Antón Niñe Fernández

A ESCOLLERA

Zonas que foron empedradas na Ribeira formando cuncha para evitar que o mar levara a area. En realidade en galego tería que chamárselle “dique”.

Unha foto cedida pola familia do que no seu día foi alcalde de Foz Paco Maañón, amósanos a recente colocación das pedras da “Escollera” na Ribeira e pon como anos da súa construción en 1946/1949.

BAIXADA DE TUPIDE

Pasada a Casa do Mar, de cara a praia da Rapadoira hai un grupo de casas nas que entre elas se ve unha baixada actualmente pisada en plaquetas de pedra, que forma un estreito calexo e que ven dende a rúa Jesús Nazareno, esta baixada coñécese por “Baixada de Tupide”.

A Baixada de Tupide da tamén nome a toda esa zona.

TUPIDE

Este topónimo vén de cando nesta zona existía un verquedoiro de lixo

incontrolado. Aí tirábase de todo, pero ás veces, algún veciño precisaba de algunha peza como bisagras, parafusos, cables, arames, etc. e lle comentaban a outra persoa a súa necesidade, esta dicíalle “vaite ao verquedoiro e “TU PIDE”, que encontrarás de todo.

Unha vez pasada a zona da Ribeira, encontramos unha baixada que ven desde a rúa Jesús Nazareno ata este lugar, esa baixada que forma un estreito calexo chámase a “Baixada de Tupide”.

A “Baixada de Tupide”, deu nome tamén a toda esta zona onde antano existía unha preciosa praia na que no seu día existiron dous estaleiros: o de David del Riego e o de “Santiago da Puebla” e dúas fábricas de conservas: a de Luís Gutiérrez que ardeu o día 9 de agosto de 1939 e a de Vilar ou Cora que a derrubou unha vaga de mar.

A FURADA DO CULANDRILLO

Esta era unha pequena cova situada nesta zona, máis ou menos onde remata a caseta da Escola de Vela indo de cara a Rapadoira.

Nas voces populares hai outras versións do nome desta cova, como por exemplo: Colandrillo ou Calandrillo, pero segundo os máis vellos do lugar o seu verdadeiro nome ven de CULANDRILLO, nome común dunha planta silvestre que se da en todo o litoral galego, en covas ou paredes con gretas que teñan goteiras.

Tamén en galego se lle chama “Capilaria”.

O seu nome científico é *Adiantum capillus-veneris*.

O CAMPO DA CABANA

Neste apartado, non podo deixar de mencionar o popular Campo da Cabana, hoxe rebautizado co nome de Praza de Rosalía de Castro onde antano serviu para secar as redes e incluso as roupas lavadas e a poñelas a aclarear e tamén onde Santiago Pérez (da Puebla) ou David del Riego chegaron a construír barcos.

Lugar de recreo para nenos de cando noutrora non existían os xoguets e calquera cousa nos servía para pasalo ben gozando dunha liberdade que hoxe nin se soña.

O Campo da Cabana foi e é un barrio focego no que os seus veciños sempre se sentiron como unha grande familia, onde o pouco ou o moito que había era de todos e cando tocaba a chorar, choraban todos e cando había que bailar, bailaban todos.

Aquí nace outro dos xardíns de Foz mandado construír tamén polo alcalde Rogelio Rey Lorenzo en maio de 1958.

Anos máis tarde, construíriase a pista polideportiva ao aire libre en 1973 na que se celebraron sempre grande cantidade de actos lúdicos.

A zona rodeada polo bar e ultramarinos O Bólico, ou Casa Granada e incluso cando Francisco Villarino montou o bar Mirando al Mar (O Lorito) que podería entrar tranquilamente no ginnes, libro dos récords, polo número masivo de

traspasos ao que ese local foi sometido.

Aquí se coloca unha das primeiras fontes públicas de Foz co gallo da traída de augas á nosa vila por parte de alcalde Paco Maañón, dita fonte foi inaugurada o 13 de xullo de 1952. Aquí e fronte á fonte, nace o bar O Chúcaro.

Pola parte de abaixo do Campo da Cabana, na rúa Jesús Nazareno, e buscando a saída de cara a Tupide, máis ou menos pola parte de arriba de onde estaban os estaleiros de Santiago da Puebla, houbo un zapateiro remendeiro que se chamaba Cosme Fraga Naray, máis coñecido por “Chispita”.

Baixando pola Rúa do Mar e de cara ao porto, tivemos a mediados dos anos 50 do pasado século, o estanco de José María Beltrán Lamas que á súa morte en 1967 seguiu con el, a súa dona Amparo Veiga Lamas, actualmente trasladado á rúa Noriega Verela e rexentado polo seu neto Alberto Beltrán Cuesta.

Volvendo á Rúa do Mar, e seguindo cara abaixo, houbo fai moitos anos un bar chamado Casa Remigia que deu lugar a unha popular canción de Foz que comezaba dicindo:

*O máis enxebre de Foz
a Pena da Rapadoira,
o viño da casa Remigia
e as nenas da Corredoira.*

Logo despois, o bar e ultramarinos de Vicente do Delgado e Estrella de Veiga moi próximo xa ao bar Cotarelo na Praza de Mondoñedo, en dita praza, o derradeiro sábado do mes de agosto dos anos 90 do pasado século, celebrábase unha curiosísima festa de disfraces, coa que se pretendía dar unha agarimosa despedida aos señores veraneantes.

ESTALEIROS DE SANTIAGO DA PUEBLA

Os estaleiros de Santiago Pérez Mariño (Santiago da Puebla) foron fundados máis ou menos en 1956 na súa propia casa do Campo da Cabana e máis tarde trasladouse á zona coñecida por Tupide onde anteriormente estivo a fábrica de conservas de Don Luís Gutiérrez que foi pasto do lume o día 9 de agosto de 1939.

Nestes estaleiros construíronse diversos barcos de pesca destacando o “Centauro” que foi o de maior envergadura.

Compre destacar outros barcos construídos por Santiago, como por exemplo: “Enrique José”, “Ría de Vivero”, “Preguntoiro”, “Río Landro”, “Hermanos Basanta” ou “Hermanos Villarmeá” entre outros.

Non só construíu barcos para Foz, se non tamén para outras localidades, como: “Preguntoiro” para Ribadeo. “Álvarez Linares”, “Ría de Vivero”, “Río Landro”, “Hnos. Basanta” e Hnos. Villarmeá” para Viveiro. “Villa de Llanes”, “Eloína”, Luisa Mari” e “Playa de Abascal” para Llanes. “Monterrey” e “Adolfín” Para Lastres (Asturias) e “Flor de Ríos” e “Hnos. Guerra” para Cariño.

Cóntanos Santiago unha anécdota moi curiosa dunha das súas botaduras.

“Cando a botadura do pesqueiro Enrique José, que era a estrea como o barco máis grande, tiven que construír unha ponte para poder botalo.

Tras facer tódalas probas que crin necesarias, e digo crin por que eu era o único que confiaba en que a ponte aguantaría, pois mesmo dous técnicos de motor que viñeran de Francia para colocar a liña do eixo de cola, non a quixeron poñer por que pensaron que era unha perda de tempo.

A pesar de que me daba a risa tanta desconfianza, eu mesmo comecei a dubidar do proxecto, pero arroupado e animado polo meu entrañable amigo Jesús Nécega (Suso de Juan María) que sempre me acompañaba nas botaduras, decidinme a facelo.

Decidinme e solteino, colleu velocidade, pero un pequeno freado antes de caer ao mar fixo que o Enrique José ofrecese aos presentes incrédulos o “saúdo” máis precioso que barco deu na historia.

Nota: Ao caer un barco ao mar na súa botadura, a proa sube e baixa ao mergullarse no mar e volver a emerxer a xeito de “saúdo”.

En 1974, traspasoulle o estaleiro a Pedro Fraga (Pedro de Aurelia).

FONTE DO CARBÓN

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: FONTE.

Latín *fonte(m)*, ‘manancial de auga’.

(ISAAC FERREIRA / MANUEL LOURENZO / XESÚS PISÓN: 2010, 187).

2.ª Elemento do composto: CARBÓN.

Latín *carbōne(m)*, ‘combustible sólido’.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 321).

A BALIZA

Os faros, son esas luces de largo alcance que se encontran en torres situadas en lugares determinados e significativos da costa, e que serven de axuda aos que transitan polas augas, xa sexan navegantes, pescadores, mariscadores ou persoas achegadas á beira de mar, teñen un significado especial. Para moitas persoas os faros e as balizas son motivo de agradecemento, ben sexa por “salvar dun apuro” a algún navegante, por ser “fonte de inspiración” para escritores, poetas ou artistas, ou por tratarse dunhas siluetas que nos fan agradable a vista.

Para nós, os focegos, a silueta da “Farola” (como aquí a coñecemos) sempre supuxo un punto de referencia e de identificación, non só para as persoas vinculadas ao mundo mariñeiro, senón tamén para os asiduos visitantes da Praia da Rapadoira.

A “Farola” foi, e é, testemuña muda de moitas conversas nadas ao seu carón, de espectaculares botaduras de barcos dos estaleiros das súas inmediacións, de xogos

de nenos coas “lanchas de lata”, de pescadores de terra ou de botes e lanchiñas pequenas, de despedidas das familias dos mariñeiros cando os seus seres queridos saen para a costeira do bocarte ou do bonito, dos murmurios dos mozos xurando e prometéndose mutuo amor, de plácidos paseos das xentes vendo como o río Masma deixa as súas augas no Cantábrico, etc.

Esa identificación dos focegos coa “Farola” ten os seus inicios no ano 1932. Na prensa da época pódese ler: “En el puerto de Foz se está construyendo una torre-baliza como guía de entrada. Tendrá un alcance aproximado de cinco millas”.

Efectivamente, o “Grupo de Puertos de Lugo”, que comezou a funcionar entre os anos 1925/27, con oficina central en Lugo e dependente do “Ministerio de Obras Públicas”, e que creou as primeiras oficinas na Costa de Lugo nos portos de Viveiro e Foz, promove a construción dunha torre-baliza na Ría de Foz, no lugar coñecido como a Pena da Rapadoira, sendo o enxeñeiro D. César Conti Fernández.

Segundo nos recordan os nosos avós, que eran nenos e rapaces naquela época, o contratista da obra era o Sr. Ameijide. A empresa tiña un capataz portugués que se chamaba Sr. Juan e que vivía na casa de “D. Balbino de Aganchas”, no barrio do Campo da Cabana.

Este home era “moi competente que sabia o seu oficio” segundo os comentarios daquela. Ademais a súa fisionomía non pasaba desapercibida, xa que era un home gordo e tranquilo.

Tratándose dunha torre-baliza de formigón, utilizouse para a súa construción cemento rápido, debido ao fluxo das mareas. Unha vez feito o encofrado aproveitábase a baixamar para poñer o cemento e o demais material.

A auga que se utilizaba para amasar o cemento collíase da “Fonte do Carbón” (estaba xusto na entrada do Paseo de Laredo) que a “encañonaron” ata a o lugar da obra para facilitar o traballo.

Segundo as mesmas testemuñas, os veciños ían vendo o desenvolvemento da obra e chegaban á conclusión de que era unha obra “ben feita” e que utilizaban “bos materiais” para ela.

A súa construción tamén supuxo un respaldo económico para a vila xa que deu traballo a varias persoas. Naqueles anos os veciños que adoitaban traballar nestas obras eran, entre outros, Manuel de “Rascabolsas” e Saturnino “do Mangueiro”, tío de Saturno (patrón do barco García-Bla). Eran mariñeiros que compartían varias faenas, xa fose no mar ou na terra, segundo fose a climatoloxía ou as particularidades propias da costeira.

Cando se remata a obra, a imaxe que se pode ver é a dunha construción no medio da Ría, illada de terra e que comeza a funcionar alimentada por gas acetileno, subministrado a base de bombonas e os veciños e os navegantes xa podían ver os escintileos do Farol de cor verde cada 6 segundos, esa era a súa periodicidade.

No ano seguinte, 1933, o Pósito de Pescadores fai xestións para a construción do dique de A Rapadoira, trala destrución polo mar de varias casas e fábricas no

barrio mariñeiro da vila. Esas obras lévanse a cabo no ano 1936, cambiando xa a fisionomía do lugar e permitindo achegarse ata o Faro.

Pasan os anos e ao longo da década dos 70 do século pasado o Grupo de Portos de Lugo acomete a construción dun espigón de contención de area, así como sucesivas ampliacións. Este muro parte das inmediacións do Faro en dirección á desembocadura da Ría, afectando á Praia da Rapadoira, facendo un areal máis grande debido a acumulación de area.

Nestas obras traballou o contratista focego Ramón Gómez (Canel), que foi tamén o encargado, no ano 1982, de facer a baliza existente na actualidade, situada no morro do espigón.

A baliza é unha construción de 5 metros de fuste de formigón cilíndrico pintado de cor branca e un cilindro para o apoio da luz de 1 metro, tamén pintado da mesma cor.

No proxecto desta obra especificábase que se adaptará ás decisións de resistencia, necesarias pola súa situación e que na súa plataforma colocábase un cofre onde se situarán as baterías. Neste momento prevíase que a fonte de enerxía sexa eléctrica e autónoma, constituída por un grupo de cinco baterías de longa duración.

Non obstante, no proxecto déixase previsto colocar un tubo desde a base da torre ata a da lanterna, polo que poida introducirse un conducto de cobre para gas acetileno ou outro, caso de cambiar, por algún motivo o sistema.

Hoxe, na parte superior da baliza, podemos ver unha placa solar que serve de fonte de alimentación para o seu funcionamento.

Os datos dos libros de navegación referente a esta baliza son os seguintes: Lat. N. 43 34,3 – Lonx. W 7 14,7 - Gp D (3) V.

Texto de Antón Niño Fernández

PRAIA E PENA DA RAPADOIRA

Topónimo posto sobre mediados do século XX. Pena limpa que practicamente carecía de algas ou moluscos, de aí o de “rapadoira”, que vén de “rapar”, rasurada.

A primeira de Galicia que conseguiu a bandeira azul da Comunidade Europea (ano 1987). Xunto coa praia de Miño (A Coruña).

No ano 2009, consegue o distintivo “Q” de calidade do ICTE (Instituto para a Calidade Turística Española).

TARO DOS SABOGOS

Este topónimo refírese a un accidente costeiro, polo que cremos que ben de "Taro" (baixo areoso no mar). En canto ao termo "Sabogos" (Sarpa alta), posiblemente estea relacionado co apelativo "saboga" (Alosa fallax), referente a un peixe pouco apreciado, xa que logo, indicaría a abundancia deste tipo de peixe nese lugar.

REGO DE FOZ

Na parte superior, onde están as Torres, había unha LAGOA que deixou como topónimo AS LAGOAS. Por esta costa baixaba a auga desde esa lagoa ata a Rapadoira e era o punto onde se cre que estivo situado o primeiro peirao de Foz.

AS FERRÁS

As terras ferrás. Terras onde se plantaba cebada.

A SEBEIRA

Unha sebe grande. Valo feito de ramas ou maleza.

PENA DO ESCAIRO

Este hidrónimo é un malapropismo de SOCAIRO, ou sexa, ESCAIRO é unha escaleira rústica feita de pedras ou troncos de madeira que serve para salvar un desnivel esvaradizo entre dous terreos. Pero ESCAIRO significa ABRIGO, xusto o que busca un mariñeiro para atracar a súa lancha, ou sexa, tela ao ABRIGO. Antigamente aquí atracaban as lanchas os mariñeiros de Foz.

CASTELO DE CAMILO

Ás penas altas en galego chámaselles “castelos”. Descoñecemos o significado do seu hidrónimo.

FURADA DO CABO ou POSTA DOS MUXES

Pequena cova con dous Furada do cabo, por estar por debaixo da PUNTA DO CABO. E POSTA DOS MUXES, “posta” é o lugar onde se sitúa un pescador para pescar, e “muxe”, é un peixe que en castelán se lle chama “mújol” (Mujil cephalus).

PUNTA DO CABO

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

Orixe latina.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungere, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: CABO. Chámasele “cabo” a unha parte saínte da costa, que penetra no mar. Esta é a punta deste cabo.

A CORREA

Lugar onde proliferan as algas CORREA, en castelán “Espaguetty de mar”. Nome científico Himanthalia elongata”.

PUNTA DOS CAIROS

Chámaselles así porque as súas rochas semellan “aos cairos da boca”.

OS CAIROS

Toda esta zona onde hai pequenas rochas que semellan aos cairos da boca. Neste lugar existía un camiño que baixaba ao mar, que se chamaba A Soalta.

A SOALTA

No tócate aos prefixos SU- /SO- teño a posibilidade de que sexa unha partícula aumentativa de orixe celta so- / su-: “bon” ou “o bon”; “grande” ou “o gran”, frecuentemente prefixada a nomes, en especial de divindades. Ou sexa que é GRAN ALTAR.

Aquí existía un camiño que baixaba ao mar, polo cal subían os homes con cestos ás costas cargados de algas que servían para abonar as terras.

O FOLGADOIRO

Espazo de mar entre “OS CASTELOS” e A SOALTA. O Folgadoiro vén de “folgar”, descansar, respirar.

OS CASTELOS

Aos pequenos e grandes illotes, pónenlles de nome “castelo de...” por que semellan aos castelos ou ás torres das fortalezas medievais pola súa altitude.

CASTELO DA LOUSA

Chamada así, polo seu tipo de rocha. De cor negra agrisada e con laxas como a lousa.

CASTELO DO CARRAO

Porque aí aniñaban os carrín-carrao. Anteriormente o seu nome científico era “Sterna nilotica”, pero actualmente ten o seu propio nome, “Gelochelidon nilotica”. En castelán “Pagaza piconera”.

O CAGAZAL

Por ser onde defecan “cagan” as aves.

CASTELO DE SECUNDINO

Neste illote sementábanse patacas ata principios do século XX e tamén había coellos.

PUNTA DO CORNO

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

Orixe latina.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: CORNO. A este miradoiro chámasele “Punta do corno”, porque visto dende o outro lado semella un corno. A hasta dun touro, vaca, etc.

Debaixo desta punta existe unha cova á que lle chaman.

FURADA DO CORNO

Esta furada atravesa a PUNTA DE CORNO e vai dende O OLLO DO MAR ata a zona onde se poden divisar OS CASTELOS. Só é accesible en baixamar.

LOMBO DE BESTA

Chámasele así a esta rocha, porque a súa forma física semellábase ao lombo dunha besta.

OLLO DO MAR

Os remuíños que produce aquí o mar nos cambios de marea, semellan os ollos. Tamén a forma que fai o lugar, é semellante a outros lugares de costa que tamén lle chaman así.

A RONQUEIRA

Chámasele así porque ao bater o mar contra as rochas “ronca”.

A mediados do século XX, afúndese aquí o pesqueiro burelés San Roque, dedicado á captura do xurelo (en Foz chámasele “chicharrón” nome científico “*Trachurus Trachurus*”). Jurel en castelán.

VELEIRO FOLKVANG

O 17 de decembro de 1899 chegou misteriosamente a este lugar o barco veleiro noruegués FOLKVANG, que carecía de tripulación. Viña cargado de seda, manteiga, gaiolas de coellos, un loro e cobre. Lucía un precioso mascarón na proa.

Para evita-los furtos, foi vixiado por carabineiros que por erro dispararon e mataron ao rapaz Ramón M.^a Eiras Moreda, de 24 anos de idade, coñecido en Foz por RAMOCAS.

VISHVA AJAY

Tamén este lugar, en decembro de 1990, o barco hindú “Vishva Ajay” perdeu a súa carga de colectores, dous deles chegaron aquí cargados de frigoríficos que foron repartidos entre algúns veciños.

AS FIGUEIRAS

Situadas entre “A Ronqueira” e “O Carreiro”. O seu nome débese á abundancia de figueiras silvestres nesta zona. O nome científico desta figueira é “Ficus carica”. Da familia das moráceas.

A referencia máis antiga sobre a existencia dun porto que puidemos atopar en Foz é do ano 969 (século X), atopámolo no "Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo", neste documento anónimo que leva por título "Memoria de la Fundación del Monasterio de San Salvador de Lorenzana y de los abades que han tenido desde su fundación hasta este presente año de 1723", fala sobre do sartego do Conde Santo e sitúanos na era de M e VII que vén a ser o ano 969, se ben á primeira vista este documento semella non achegar moitos datos, pois tan só dedícase a falar de como chegou o sartego a terras galegas, di: "Caminando el sepulcro con su cubierta sobre las augas todo el mar Mediterráneo... vino dar en el puerto que entonces chamaban Moreda y ahora de Foz, sin reparar los naturales estotro dia en lo que había traído la marea". Non puidemos atopar ningún outro documento onde aparece o nome de MOREDA para designar o que hoxe é Foz.

Para Manuel Vázquez Seijas (historiador de Lugo:1884/1982), o topónimo Moreda “deriva de moral o moreal, sembrado de o plantación de moreras, extensamente cultivadas en la España Levantina y Meridional”. O cultivo de moreiras como sabemos, ten como fin alimentar coas súas follas ó verme da seda, cousa que nos parece moi improbable que tivese lugar en Foz.

Moreda pode ser tamén un antropónimo, pero Manuel Vázquez Seijas di que o apelido Moreda, puido entrar en Galicia pola chegada a estas terras de “individuos de vasconia con motivo de las peregrinaciones jacobeanas”, data o señor Vázquez a entrada destes individuos ó redor dos séculos XVI e XVIII, polo tanto moi posterior ó Moreda do século X, que aparece en Foz.

Pero aquí, hai algo que se lle puido escapar a Manuel Vázquez Seijas, pois resulta que, se miramos o nome científico en latín destas figueiras “Ficus carica”, podemos apreciar que esta figueira é da familia das “MORACEAS”, igual que a SILVEIRA ou a MOREIRA, polo tanto, non priva que efectivamente ese escrito do ano 969, século X, teña algo de razón.

PRADO DE BALBINO DE ANDRÉS

Toda esta zona era un prado propiedade de Balbino de Andrés.

A VERDE

Chamada así, porque ao vela desde o mar, os mariñeiros dicían que parecía máis verde que o resto da costa.

A TAMANIÑA ou TAMAÑIÑA

Esta pequena península, ten dous nomes: TAMANIÑA ou TAMAÑIÑA. Posiblemente de “A leira tamañiña”, referido ao “tamaño” (pequeno da leira-terreo de labranza).

Na parte leste desta pequena península, existía unha cova que se coñece co nome de “FURADA DO MORTO” ou “COVA DO MORTO”.

O CARREIRO

1.º Elemento do composto: CARREIRO.

(De carro ou carreira). Carro (do latín carru).

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 328-329).

De transparente, de luz, de claridade.

O seu conxunto fórmase dos seguintes hidrónimos:

O BARBADAL

Porque desde ese lugar pescaban ás “barbadas da pedra”. Nome científico “Gaidropsarus mediterraneus”,

A ESVARADÍA

De “esvarar”. Lugar esvaradizo.

ILLA CABROTE

Porque aí atracaban as lanchas que viñan de pescar ás CABRAS. científico “Serranus cabrilla”.

CASTELO DO CARREIRO

Ás rochas altas en Galicia chámanlles “castelos”, a este castelo, chámanlle así por estás situado á entrada do Carreiro.

PUNTA DO CARREIRO

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

Orixe latina.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungere, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: CARREIRO.

(De carro ou carreira). Carro (do latín carru).

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 328-329).

De transparente, de luz, de claridade.

PUNTA DA TAMANIÑA

Lado leste da Tamaniña formando unha “punta”, ao estar na Tamaniña, adoptou ese topónimo.

A FORCADIÑA

Chámanlle así por que parece ser que vista dende o mar e axudada pola “TAMANIÑA” e a “CORTE DE LLAS” semella unha forcada.

A VELLA DE LLAS

Composto con nexo preposicional.

1.º Elemento da composición: A VELLA.

A Vella pode ser A Vella Meiga ou a Vella Deusa da Natureza, da praia de Llas.

“A muller vella, ou que o parece, pasa sempre por bruxa ou meiga, a non ser que pase por vedeira ou sabia.”

(XOÁN R. CUBA / ANTONIO REIGOSA / XOSÉ MIRANDA: 1999, 248).

2.º Elemento da composición: LLAS.

Só sei que teño mollado o cu nesa praia en bastantes ocasións, mais do punto de vista toponímico non teño opinión nin comentario ningún. Caso pendente. (IF, 02.07.2022).

AS ANDORIÑAS

Crese que o hidrónimo deste acantilado ven de que a subida e a baixada da xente cargados con cestos de algas, semellaba o voo das “andoriñas”.

CORTE DE LLAS

Esta punta tamén é coñecida polo nome de “Prado de Vicente de Estrella”.

O de “CORTE” vén porque en tempos pasados neste lugar depositábanse as algas que se recollían para abono das terras, e estas algas ao secar daban un cheiro que para algúns era fedento (o cheiro dunha corte).

AS PENAS DO VAL

Son coñecidas polos mariñeiros e nativos polo nome de “AS PENAS DO VAL”, aínda que no “Derrotero” ou Carta Mariña aparecen como “AS PENAS LOBÁS”.

Son visibles só en marea baixa dende “A Forcadiña” á praia de “Llas”.

PRAIA DE LLAS

Este topónimo vén do celta, que significa “á dereita dun río”.

AS DUNAS OS FEÁS

FEÁS, un topónimo moi recorrido en Galicia, variante de Feáns: do plural latino “fenales”, derivado mediante o sufixo -ale de fenu "herba segada e seca para alimentar o gando".

UN MUNDO NA AREA

Debido ás especiais características das comunidades que viven nas dunas, esta área costeira ten unha grande importancia ecolóxica e paisaxística, que a fai acreedora dunha protección especial.

A vexetación está sometida, dun xeito xeral, a unhas condicións extremas. Cando o vento sopra predominantemente nunha dirección, tende a arrastrar a area nese mesmo sentido. Se esta area atopa un obstáculo, deposítase, aumentando así a envergadura do obstáculo e acelerando por tanto o proceso de amontoamento da area. É así como comeza a formarse un duna. Este proceso é acelerado pola presenza dunha planta especializada, a *Anmophila arenaria* (Barrón ou Carrizo), que co seu extraordinariamente extenso sistema radicular e a súa capacidade para medrar por riba da area que a vai cubrindo, contribúe a estabilizar as dunas.

Nestas condicións tan adversas, semellantes ás dun deserto, as plantas que aquí viven son quen de establecer coas súas raíces unha especie de rede que impide o arrastre das partículas de area e terra polo aire e moitas delas son plantas nutricias de algúns animais. Isto supón que se estas plantas desaparecen producirase a extinción dos animais que delas se alimentan.

A fauna é escasa pola dificultade para a vida nestas condicións, mais podemos ver algúns anfibios e réptiles, moluscos gasterópodos, arácnidos e insectos. As aves son máis abundosas no inverno pola menor presenza humana e a chegada das invernantes.

Texto de Xesús Blanco - Biólogo

CU DO CASTRO

Como o seu nome indica, noutrora neste lugar existiu unha fortificación ou poboado prerromano. Chámaselle “O Cu do Castro” en contraposición ao “Pico do Castro”, a uns dous quilómetros ata o interior, xa que segundo a lenda, unha cova subterránea comunicaos e ambos topónimos poderían indicar o territorio ocupado por un castro.

O TORQUES DO CU DO CASTRO

No ano 1897 aparece nesta zona un torques de ouro de 22 quilates, de 335 mm. de lonxitude e de 790 grs. de peso, actualmente exposto no Museo Provincial, e que se

coñece co nome de “O Torques do Cu do Castro”.

Este torques ten un grande interese histórico por ter a súa forma moitísima semellanza co famoso “Torques de Burela” e data do segundo período da Idade de Ferro.

Cómpre destacar que a este torques fáltalle unha das perillas.

Esta zona tamén se coñece polo “PRADO DE MAAÑÓN”.

A LAGOA

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Orixe latina.

Do latín *lacuna(m)*, ‘lago pequeno’.

Etimoloxía: *Lacunam* > *Lagona* > *Lagoa*.

Esta cala é un lugar abundante en algas e xógaras.

PENAS DAS DO ENCANTO / PENAS DO ENCANTO

Topónimo composto con nexos preposicional e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PENAS.

Orixe latina.

Latín *pinna(m)*, ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: ENCANTO.

Ser mitolóxico galego.

“Naqueles lugares nos que viven os Encantos (fontes, pozos, castros, mámoas, montes, penedos, covas, ríos, lagos, ermos) os humanos con pretensións de desencantadores deben ter ben abertos os ollos, pois as formas do Encanto son case incontables. Se un cobiza o tesouro que pode posuír o Encanto, coidado, que a cambio pode perder a vida”.

(XOÁN R. CUBA / ANTONIO REIGOSA / XOSÉ MIRANDA: 1999, 108-109).

A FURADA DO RAPOSO

Topónimo composto con nexos preposicional e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: FURADA.

De *furar* (v). Do latín *forāre*, ‘furar, perforar’.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 738-739).

2.º Elemento do composto: RAPOSO.

Zoónimo (fauna).

Do latín *rāpu*, na época en que adquirira a significación de ‘rabo’ + sufixo –OSO.

1. Mamífero carnívoro dos dixitígrados (NC. *Vulpes vulpes* [> *golpe*]), de cabeza aguzada, rabo longo e pelo suave. *Sin. golpe*.

2. (s. m.). Especie de rizón para rastrexar o fondo do mar.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.246).

Ao meu parecer, dado que falamos do litoral do concello mariñán de Foz, esta segunda acepción é a que mellor lle acae ao segundo elemento do composto (IF, 25.06.2022).

PRADO DE SINA

Un prado que responde ao apelido do que puido ser o seu propietario.

AUGADOCE

Hidróónimo (relacionado coa auga) composto.

Orixe latina.

Latín *aqŭa(m)*, ‘auga’.

Auga doce: A dos ríos e fontes en xeral.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 204-205).

PENA OURICEIRA

Topónimo (acaso hidróónimo) composto.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PENA.

Latín *pinna(m)*, ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: OURICEIRA.

De *ourizo* (do latín *ericĭu*).

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.084).

Ouriceira (s. f.). Zoónimo (Fauna). Abundancial de ‘ourizo’, equinodermo de forma esférica. Lugar do mar onde abundan os ourizos. Neste caso adxectivo.

(PACO RIVAS: 2016, 165).

A BARQUEIRA

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Orixe latina.

De *barca* (do latín tardío *barca*).

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 234).

PORTOVELLO

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Topónimo composto de orixe latina.

Latín: *Portu(m)* + *vetulŭ(m)*.

1.º Elemento do composto: PORTO.

Do latín *pōrtu(m)*.

(s. m.). 1. Lugar na costa ou na ribeira ao amparo dos ventos e disposto para o atraque e a seguridade das naves, as operacións de embarque e desembarque, e de carga e descarga.

2. Punto xeográfico situado entre montañas, ou nun punto elevado dunha

montaña, onde o paso resulta máis fácil, e tamén a construción dunha vía de comunicación.

3. Lugar do río polo que, debido a que é máis estreito, menos fondo e de menos corrente, se pode atravesar. *Sin. vao*.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.182).

A FURADA DO ROBALO

Róbalo-Robaliza, peixe mariño da familia dos serránidos. (*Dicentrarchus labrax*).

(En Foz pronúnciase sen til, “Robalo”).

PRADO DE MAAÑÓN

Este prado pertence a unha familia apelidada Maañón e de aí o seu topónimo.

A FAXINA

Literalmente: (s. f.) Toque militar para comer.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 698).

Non teño opinión para aportar a este topónimo (IF, 02.07.2022).

Neste lugar sole haber abundancia de Robalos e Robalizas (*Dicentrarchus labrax*).

PENAS DA MAIZOSA

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PENAS.

Latín *pinna(m)*, ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: MAIZOSA.

Acaso abundancial ou adxectivo procedente dunha antiga forma **manizo* [latín *manu*, ‘man’].

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 930).

A miña opinión é que pode proceder da variante: *maínzo* ‘millo’; co que, literalmente, teríamos ‘Penas do milleiral’ (IF, 26.06.2022).

Nestas penas existen unhas covas onde abundan os “Congros” (*Conger conger*) e os “Sargos” (*Diplodus sargus*).

A OLA

Puxéronlle A Ola porque fai un círculo que semella á ola de cociñar (unha pota).

PRADO DE ROQUE

Un prado que pertenceu a Roque.

A COVA MOURA

Topónimo composto.

Podería ser A COVA DA MOURA.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: COVA.

Do latín vulgar *cova, ‘oca’, feminino do adxectivo *covus* < lat. *cavus*, ‘oco’, baleiro, escavado’.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 454).

E cousa clara que neste caso ‘Cova’ funciona como substantivo (IF, 26.06.2022).

2.º Elemento do composto: MOURA.

Funciona como adxectivo, ‘escura’, ‘negra’.

Outra cousa sería se o topónimo fose A COVA DA MOURA, co que estaríamos a falar da Vella Moura, A Vella Deusa, A Deusa Nai, A Natureza (IF, 26.06.2022).

MOURAS: “Mulleres belísimas e encantadas que viven nas fontes, castros, penedos (sobre todo cando parece que son artificiais), mámoas e ruínas de antigos monumentos ou castelos, ou sexa, baixo a auga e baixo a terra. Reciben moitos nomes, como damas, mozas, mulleres, señoritas, señoras, madamas, encantos, princesas e raíñas. Son iguais ás *hadas, xanas, anjanas, fées, horrigans, fairies, fainen, fate, moirai*, etc. Teñen cabelos rubios, é dicir roxos, máis ca loiros; a pel branca e as meixelas con lixeiros tons vermellos. Son sedutoras, encantadoras. Lavan, tecen fían e peitean os seus cabelos á luz do sol, sobre unha pena ou ás beiras da fonte. Gardan tesouros e visten marabillosamente. Ó tempo que fían cunha man, mazan leite coa outra e cargan na cabeza enormes pedras, coas que constrúen os edificios ou estruturas nos que viven (castros, castelos, penedos).”

(XOÁN R. CUBA / ANTONIO REIGOSA / XOSÉ MIRANDA: 1999, 170).

MOURA: “Tamén chamada dona, ENCANTO ou señorita. Ente feminino de natureza mítica, de grande beleza e, ás veces, de notábel estatura que vive, ou se fai presente, ao pé de correntes de auga, mananciais e CASTROS, en moitas ocasións peiteando os seus cabelos louros con pendentes de ouro que, conxunturalmente, poden ser de cristal.”

(VÍTOR VAQUEIRO: 2011, 324).

COVA DA MOURA:

“Analogamente ao que acontece co termo mouro, a toponimia galega recolle exemplos numerosos do vocábulo obxecto desta entrada: Casa da Moura, Penedos da Moura, Cuna da Moura, Chan da Moura, Pía da Moura, Fonte da Moura, Poza da Moura, Fraga da Moura ou Penamoura son algúns deles. Lugares semellantes, como Casa da Moura (Zedes, Carrazela de Ansiães) ou Cova da Moura 8Assares, Vila Flor) repítense no norte portugués.”

(VÍTOR VAQUEIRO: 2011, 330).

Nesta cova, aló polos anos 40, os mariñeiros agachaban fardos de goma que apareceron por toda a costa procedentes dun naufraxio.

Os fardos eran vendidos polos veciños por que naqueles tempos de moita necesidade escaseaba a goma e a súa venda aportaba unhas boas ganancias, pero eran perseguidos pola garda civil por ser un delito cualificado de contrabando.

Cada fardo contiña 100 quilos de goma.

PORTO DO RÍO

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexos de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PORTO.

Do latín *pōrtu(m)*.

(s. m.). 3. Lugar do río polo que, debido a que é máis estreito, menos fondo e de menos corrente, se pode atravesar. *Sin. vao.*

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.182).

Pode referirse a unha pasantía ou uns pasadoiros, pedras para cruzar dunha ribeira á outra do río (IF, 26.06.2022).

2.º Elemento do composto: RÍO.

Latín *rivu(m)*.

Etimoloxía: rivum > rivu > riuu > rioo > río.

A CHA DE PORTO DO RÍO

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexos de preposición e de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: CHA.

A falta de mellores indagacións, acaso podería proceder de “chaira” (IF, 26.06.2022).

2.º Elemento do composto: PORTO DO RÍO.

(Véxase o topónimo anterior).

SAN MARTIÑO:

PRAIA DE PEIZÁS

Pertence ao barrio de FORXÁN da parroquia de SAN MARTIÑO, limitando coa parroquia de FAZOURO. O termo "peizás", o mesmo que "painzás", é o plural de "painzal", e un lugar onde se planta paínzo ("millo-miúdo"), ou que produce bo paínzo.

PORTO DE TRIGO

Topónimo composto con nexos preposicionais.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PORTO.

Do latín *pōrtu(m)*, 'porto'.

1. Lugar de refuxio dos barcos.

Non é o mesmo que *peirao* 'lugar de atraque'. O peirao é unha das partes do porto.

2. Pasantía dun rego.

3. Paso de montaña.

2.º Elemento do composto: TRIGO.

Do latín *tritīcu(m)*, 'trigo'.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.182 e 1.488).

FAZOURO:

COVA DO MASTRE

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento da composición: COVA.

Do latín vulgar **cova*, ‘oca’, feminino do adxectivo *covus* < lat. *cavus*, ‘oco’, baleiro, escavado’.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 454).

Tamén neste caso ‘Cova’ parece funcionar como substantivo (IF, 26.06.2022).

2.º Elemento da composición: MASTRE.

Ben podería ser unha variante popular de “mastro”, co que o topónimo quedaría máis transparente e pasaría a ser un hidrónimo (relacionado coa auga, neste caso salgada).

(IF, 26.06.2022).

Aquí xurdiu unha curiosa lenda:

O CALVO DO CASTRO DE MARZÁN

Nos albores do século XX vivía un matrimonio no lugar chamado “O Castro de Marzán”.

Todo discorría con normalidade, ata que un día ao atardecer, o marido, un focego de mediana idade que se dedicaba coma tantos outros aos labores da pesca alternando coa labranza, achegouse á beira do mar. Namentres paseaba polas proximidades das zonas de Peizás, A Cova do Mastre, A Rascosa, As Penas da Salsa, O Rego e Sarrido, de súpeto escoitou o ruído dunhas campaiñas que parecían vir dalgún de tantos buratos dos abruptos acantilados (pode que saíran da Cova do Mastre).

A curiosidade fíxolle arrimarse a aquel lugar e, abraiado, no solpor do día, ollou a silueta dun home que ingrávido saía dunha cova e paseniñamente, como ía por riba das ondas e das puntiagudas rochas, dirixíase impasible ata un areal próximo. Subitamente, aquela sinistra figura desapareceu como evaporada, e o son das campaiñas fundiuse de súpeto.

O veciño do Castro ficou agachado uns intres máis, pero en vista de que nada ocorría decidiu volver á casa.

Poucos días máis tarde, volveu de novo a aquel lugar e, así ao anoitecer, foi outra vez testemuña daquel fantástico acontecemento. Nesta ocasión esta enigmática figura continuou visible o no seu paseo e o noso azorado veciño tomou a decisión de descifrar aquel misterio e seguiu por unha verea o percorrido daquela “fantasma” que sempre ía acompañado do son das campaiñas.

Pouco despois, a ingrvida figura reuniuse con outras nunha pequena cala onde parecan darse cita como si de un mxico “aquelarre” se tratara. O asombro do paisano fixo que descoidara o seu sixilo e instintivamente ergueuse do seu escondedoiro delatando a sa presenza no contraluz dos derradeiros raios solares. Tdalas miradas das macabras figuras humanas dirixronse a el, que ante aquela circunstancia quedouse petrificado, namentres a sombra que seguira recriminoulle con voz de ultratumba:

“Quen es ti e por que te atreves a axexarnos...?”.

O noso vecio do Castro non poda nin mover un msculo, nin sequera poda pensar e moito menos articular palabra, de maneira que a aquel requirimento seguiu un nauseabundo e interminable silencio duns breves segundos.

“desgraciado de ti –inquiriu novamente a fantasmagrica sombra humana- A ta ousada ao seguirme e a ofensa de descubrirmos nesta reunin de penitentes do Mis Al, condenarate de por vida a leva-la cabeza descuberta!”.

E nese preciso instante, o cabelo do vecio do Castro desapareceu ficando tan lisa a sa cabeza como unha bla de billar.

Tras estas palabras, as figuras esvaecronse e o noso home correo ata a sa casa como nima que leva o vento.

A sa muller, ao velo sen pelo na cabeza, rapidamente lle preguntou polo acaecido, e tantas veces lle inquira como el non lle contestaba. A situacin prolongouse por espazo de moitos das e visto que ata o seu carcter e estado de nimo anse deteriorando, decidiron acudir a diversos especialistas, a quen igualmente contestaba co mis irrenunciabile dos silencios.

Despois de haber tomado todo tipo de pcemas e “brebaxes”, de visitar curandeiros, xitanas e ata visionarios, a sa muller, desesperada, xa empezaba tamn a ter sntomas de tolemia, e foi entn cando o vecio do Castro decidiu contarlle unicamente a ela e coa advertencia da maior das discrecins, o segredo e a reserva, de todo o acontecido.

Nas seguintes semanas, varios dos seus familiares mis achegados faleceron de mortes misteriosas; cantos animais lle servan de sustento correron a mesma sorte; tanto a pesca como as colleitas minguaban e ata a sa propia sade e a da sa muller vronse sensiblemente desmelloradas, quedando condenados, sen explicacin aparente ante os ollos dos vecins, a vivir dende entn na maior das indixencias e miserias que por estes lares se lembra.

Daquel suceso, tan so agora queda o nome do seu imprudente e desafiuzado protagonista: “O CALVO DO CASTRO.

AS FONTES

Chmanlle “As Fontes” porque no seu interior existe un regato ou fonte de auga doce.

A RASCOSA

Chámanlle A RASCOSA porque é unha rocha de cuarzo que “rasca”, semella unha lixa.

A CORVEIRA

Zoónimo (fauna).

Orixe latina.

Do latín *corvu(m)*.

Sufixo abundancial –EIRA, ‘lugar onde hai moitos corvos’.

A miña opinión é que se podería tratar de ‘corvos mariños’, en cuxo caso este topónimo pasaría a ser tamén un hidrónimo, cousa bastante razoábel tratándose dun territorio marítimo (IF, 26.06.2022).

AS PENAS DA SALSA

Hidrónimo (relacionado coa auga).

Hidrónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PENAS.

Latín *pinna(m)*, ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: SALSA.

(s. f.). Escuma que se forma na tona da auga cando rompen as ondas. *Sin. salseiro*.

(PACO RIVAS: 2016, 210). En tempos pasados sacouse pedra destas penas para a construción de casas. Aínda hoxe podemos ver os buratos que fixeron para a colocación dos barrenos que utilizaron para explodir a rocha. Fai moitos anos, estas penas tiñan fama de estar “encantadas”. Segundo os nativos, sucedían estraños fenómenos sobrenaturais que se converteron en vellas lendas.

Narramos dúas desas lendas:

O PEITE DE OURO

Nas madrugadas de San Xoán, víase á beira do mar e sobre das rochas, a unha fermosa muller, totalmente espida e o pelo moi longo que case lle arrastraba polas rochas, e con algo na cabeza, que resplandecía moito, era un peite de ouro.

Cando a tratabas de saudar e lle dabas o bo día, a rapaza desaparecía de diante dos teus ollos como se fora por arte de maxia, era un encantamento.

A MÚSICA NO MAR

Un día, uns rapaces ían buscar area par botar nos pisos de madeira, pois a area unha vez espaxada polos cuartos ao picalos, pulía a madeira e tamén evitaba que a porcallada se pegara no solo.

Unha vez cheos os sacos, decidiron marchar, e cando xa ían a poucos metros da praia, sentiron uns berros de como se alguén caera ao mar e pedira auxilio.

Os rapaces non dubidaron un momento en deixar os burros cargados cos sacos e volver ás penas para socorrer á persoa que supostamente estivera en apuros.

Subidos ás penas, miraron por todas partes, pero non viron a ninguén, cando de súpeto comezaron a escoitar unha música que procedía do mar.

Descoñecedores de tal fenómeno, os rapaces fuxiron de contado e cheos de medo chegaron as súas casas, e nunca souberon o que puido pasar, aínda que os máis vellos da familia lles dixeron que as penas estaban encantadas.

O REGO (Auga salgada)

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Orixe latina.

(Do latín *rigūu*, ‘que rega, que baña; regado, bañado’).

(s. m.). 1. Canle que se fai na terra para conducir a auga de rega. *Sin. cano.*

2. Pequeno suco natural polo que corre a auga.

3. Escavación longa e pouco fonda que se fai nun terreo para sementar. *Sin. suco, canle, cal.*

Rego do lombo: espiña dorsal.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.270).

O REGO DE PARDIÑAS

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexo preposicional.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: REGO.

(Do latín *rigūu*, ‘que rega, que baña; regado, bañado’).

2. Pequeno suco natural polo que corre a auga.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.270).

2.º Elemento do composto: PARDIÑAS.

1. A segunda parte do composto, Pardiñas, podería vir como síncope de ‘parediñas’, o mesmo que Pardellas é síncope de ‘paredelas’.

Pardiñas tamén é un patronímico (apelido) moi usual na Mariña Luguesa. (IF, 26.06.2022).

2. “O topónimo ‘pardiña’ deriva do latín *parietina* ‘casa en ruínas, paredes’, e despois pasou a ter un significado de ‘devesa ou terreo acoutado’.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

Aquí xorde unha das máis preciosas lendas que existen en Galicia. No seu día musicada por Fuxan os Ventos.

A LENDA DA LANVANDEIRA

Foi vista por meu propio avó Ramón Martínez e dous amigos del, cando unha noite de lúa chea ían a pescar ás Penas da Salsa. A lenda di:

Toda persoa que atente contra a vida dos nenos nados ou sen nacer (o aborto), ao morrer, a alma desta persoa “vagará en pena”, e non irá nin ao ceo nin ao inferno nin atopará o perdón Divino no Purgatorio.

Esta “alma en pena” adoita a transformarse en muller e aparece nas noites de lúa chea á beira dos ríos ou regatos lavando os cueiros do neno ou nenos que ela matou.

Esta muller canta fermosas cantigas, e coa súa preciosa voz intenta atraer ao camiñante, o que por certo consegue. Cando o camiñante está cerca dela, a lavandeira sorrinte pídlle que lle axude a retorcer as sabas que está lavando. Se o camiñante lle axuda a retorcer as sabas como a lavandeira lle pide, tamén a súa alma ao morrer “vagará en pena” e nunca atopará acougo, pero se o camiñante lle responde, *que Deus ou a Virxe che axuden!*, a lavandeira desaparecerá e no lugar onde a lavandeira estaba, quedarán charcas de sangue, a sangue do neno que ela matou.

PRAIA DE SARRIDO

O dicionario define "sarrido" como "sitio areoso", lugar onde abunda o "sábrego" ("terra areosa que se forma pola descomposición do granito e que é moi empregada na construción). Cf. J. M. Pintos, 1865. "

O sufixo abundancial -ido indícanos un significado orixinario de "lugar onde abunda o sarrio". O "sarrio" (port. e cast. "*sarro*") indica "borras, residuos, escura". É palabra de orixe prerromana, que Corominas emparenta co vasco *sarra* 'escoura', e relaciónao etimoloxicamente con "sarna".

Atopamos outro "O Sarrido" na costa de Cambados, e unha "Punta do Sarridal" na de Cedeira. Ademais, coa mesma raíz e distintos sufixos abundanciais -oso, -edo, -eiro atopamos múltiples derivados na costa galega: en Cangas "As Sarrentas" e "O Sarreiro" nunha mesma punta costeira e noutras dúas "Os Sarrosos", en Ribeira "Sarreiras", e no Porto do Son unha "Praia da Sarrosa" . Por outro lado hai un outeiro en Candeán (Vigo) chamado "O Sarrido", que podería ter a mesma acepción de "lugar areoso" ou ben a de "conxunto de escura". Igualmente acontece coa variante "O Sarredo" en Riotorto e máis no Val do Dubra, correspondentes a zona de monte, para os que queda tamén a dúbida de se interpretalos como "escoural" .

Poderíamos interpretar "Sarrido" e "Sarredo" como variantes gráficas da pronuncia de *"Serrido", e *"Serredo", no sentido de "conxunto de serras ou montes"; no entanto, non atopamos os correspondentes "Serrido", "Serredo" ou "Serroso" na xeografía galega, e por tanto consideramos cando menos improbable que tivese esta orixe.

PUNTA DE SARRIDO

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

Orixe latina.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: SARRIDO. O dicionario define "sarrido" como "sitio areoso", lugar onde abunda o "sábrego" ("terra areosa que se forma pola descomposición do granito e que é moi empregada na construción). Neste caso, fálanos da curva ou punta que vai da praia de Sarrido a Corvelle.

CORVELLE

Probablemente derivado de *Corvelli*, forma en xenitivo de *Corvellus*, o nome dun antigo posesor, nome de orixe latina.

Neste lugar construíuse unha moega para a extracción de area da praia da Pampillosa.

Chamábanlle moega porque era semellante á moega dos muíños (tamén se lle chama moxega).

Tiña forma de pirámide invertida e un burato no vértice para que ao abrilo caera a area na caixa do camiión.

No ano 1958, constrúese a primeira moega para a extracción de area para a construción. Pouco máis tarde, construíriase unha segunda, preto da primeira, pero máis grande.

A sociedade formada por Ángel Rocha (O Muíneiro de Fazouro) e José Candia (Médico de Foz), solicita daquela o permiso ao organismo estatal “Ayudantía de Marina”.

No tempo de duración da súa actividade ata 1970, traballaron nela un total de 10 obreiros.

O sistema de traballo era en forma de teleférico. Un obreiro arriba na máquina de tracción e dous abaixo na praia, cargando o caldeiro que subía tirado por un cable.

Extraíanse 30 metros cúbicos diarios de area.

A FURADA DO CAN

Topónimo composto con nexo preposicional e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: FURADA.

De *furar* (v). Do latín *forāre*, ‘furar, perforar’.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 738-739).

2.º Elemento do composto: CAN.

“Pedra amarrada cun arame e envolta nunha rede cun chicote longo... que

pescando ó cerco emprégase para balar o peixe... *Balar co can.*”

(PACO RIVAS: 2016, 72).

“Era también una cueva en el cabo Ténero, hoy Matapán, por la cual Hércules sacó de los infiernos al Can Cerbero (otra vez la divinidad solar *versus* la divinidad infernal, con su nombre basado en la habitual raíz Cerv / -v).”.

(JOAQUÍN CARIDAD ARIAS: 1995, 208).

Na parte de abaixo deste lugar chamado CORVELLE, existiu unha cova á que as xentes de Fazouro lle chamaban “A FURADA DO CAN”.

Fai moitos anos, viña de vez en cando a Fazouro, unha vella que se dedicaba a pedir esmola.

Segundo contan os máis vellos do lugar, a esmoleira facíase acompañar de dous cans e utilizaba esta cova para pasar a noite, por iso lle puxeron “A FURADA DO CAN”.

Tamén contan, que esta muller bebía moito, e cando estaba bébeda respondía ó saúdo da xente cunha frase sen sentido, a frase era: Concho caramba..., señor cachopín!.

PRAIA DA PAMPILLOSA

Lugar onde abunda o "pampillo", unha planta anual da familia das compostas (*Coleostephus myconis*), de flores amarelas parecidas ás da margarida.

RÍO OURO

O río Ouro nace no Cadramón (Valadouro), pasa polas parroquias focegas de San Acisclo, Santa Cecilia e despois dun percorrido de 29 quilómetros desemboca na praia da Pampillosa en Fazouro.

Segundo a lenda, este río noutrora arrastraba consigo moitas pebidas de ouro.

Posiblemente que o topónimo de Fazouro veña dos romanos, quen probablemente o denominaron “FAUCE AUREA” (Do latín, “FAUCE”: Boca dunha ría ou paso estreito entre montañas. “AUREA”: OURO), de aí o nome do río.

Outras derivacións foron: “FACEAURE”, “FAZOIRO” e “FAS DOURO”, e aquí temos un detalle curioso, pois DOURO é como lle chaman en Portugal ao río DUERO, que significa “río abondoso de auga”.

Neste río existen varios caneiros, destacándose o da “PENA DA RUXIDA”.

Foi moi abundante en sollas, cangrexos, angulas e troitas. (Río arriba existe unha piscifactoría).

Tamén existiu unha pequena central Hidroeléctrica, dita central foi fundada por Antonio Posada natural de Cedofeita (Lugo).

Esta central abastecía de luz eléctrica a toda a parroquia de Fazouro e incluso un muíño da súa propiedade funcionaba con esa enerxía, pero en tempos de verán a carencia de auga da chuvia facía que o nivel do río baixara polo que a central non

funcionaba e a parroquia quedaba sen luz e o muíño sen enerxía, tal motivo fixo que deixaran de moer.

Non se sabe a data desta central, aínda que os mais maiores non lembran a súa posta en funcionamento, din que puido ser moito antes dos anos 30 de século XX.

A PONTE DE FERRO

Esta ponte foi construída no ano 1890.

Desde entón coñecida como “A Ponte de Ferro” polo que acabou dando nome a este barrio.

Aquí existiron locais de baile. Locais onde as parellas se encontraban para bailar e ao mesmo tempo buscar a parella idónea para casar.

O primeiro baile do que temos coñecemento, era propiedade de Florencio Eijo Maseda. Este local estaba xusto onde comeza a Ponte de Ferro xunto con outro local tamén de baile coñecido polo “Baile de María da Ponte”, pero a xa deteriorada ponte causaba problemas aos viandantes polo que Obras Públicas pedíalle a Florencio Eijo o 50% do importe para a súa reparación a dito proxecto, loxicamente Florencio negouse.

A partir de aí, Florencio crea outro salón de baile a poucos metros máis arriba deste, que a partir de 1945 foille traspasado a José Martínez Díaz (José da Casilla ou o Caminero de Fazouro).

Cóntase que no baile de José chegaron a repartir o viño entre os asistentes, ata tal punto que o servían para beber por bacenilla e ninguén preguntaba se os ouriñais eran novos ou usados.

Compre destacar de que aos nenos por ser menores non lles deixaban entrar no salón, pero algúns conseguían cando o taberneiro Digno Vázquez lles daba cacahuets para ir vendelos ao baile e coma quen di, con ese “permiso” (entre comiñas) xa era dabondo para poder entrar.

Moi preto aos salóns de baile, había unha taberna que era propiedade de Digno Vázquez, dita casa era máis coñecida polas “Tres esquinas” xa que era unha casa de construción moi rara ou quizais desproporcionada e perecía que en vez de catro tiña tres esquinas.

A vella Ponde de Ferro foi retirada e no seu lugar puxeron unha nova neste ano de 2010.

OBRA PÍA ESCOLA

A casa foi fundada polo escribán de número e veciño da cidade de Mondoñedo Don Francisco José de Cora e Miranda, mediante escritura pública outorgada o 12 de marzo de 1803.

Foi dotada con bens que o fundador posuía nas parroquias de Fazouro, Nois e Foz.

Dispuxo que nela se ensinase aos nenos e nenas as primeiras letras, escribir, contar

e a doutrina cristiá.

Designou como Patrón ao Bispo da diocese. O mestre tiña que ser Eclesiástico, e se non o hai, que o Patrón elixa a quen lle guste, con tal que sexa de boa conducta.

Vinte anos máis tarde, en 1823, construírías un pequeno edificio para impartir as clases por que así a vivenda do mestre ou mestra quedaría separada da escola.

No ano 2007, foi restaurada na súa totalidade pola Dirección Xeral de Costas.

O MUÍÑO

No lugar, aínda se conservan restos do que foi O Muíño que co paso do tempo deixou de funcionar pola escaseza de auga que baixaba do Rego.

Un pouco máis arriba de muíño e neste mesmo rego, existía e existe, aínda que totalmente reformado, un lavadoiro público de roupa.

O POZO DO CREGO

Chámanlle O Pozo do Crego porque hai moitos anos vivía un cura na Obra Pía.

Nesta zona do río Ouro existía ou existe un pozo do que se descoñece a súa profundidade.

Parece ser que este pozo ten unha corrente de auga da cal é moi difícil saír.

Din que está xusto no punto onde cae a auga do rego que facía funcionar o muíño.

A XUNQUEIRA

Fitónimo (flora).

Orixe latina.

Latín *iunco* ‘xunco. Baixo latín **iuncaria*, **iuncale* ‘sitio de xuncos’.

Sufixo –EIRA. Abundancial de “xunco”, ‘onde hai moitos xuncos’.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 199).

O POZO DA PENA

Hidónimo (relacionado coa auga).

Hidónimo composto con nexo preposicional.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: POZO.

Do latín *putĕu*.

(s. m.). 1, Foxo que se escava na terra, ata atopar unha vea de auga.

2. Lugar máis profundo dun río.

3. Foxo profundo, aínda que estea seco.

4. Presa do muíño.

5. Depresión do fondo mariño.

6. *Min.* Foxo profundo para baixar á mina, ou para extraer petróleo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.187).

Na miña opinión, a acepción que mellor lle acae a este topónimo, tratándose de Foz, é a número 5 (IF, 27.06.2022).

2.º Elemento do composto: PENA.

Latín *pinna(m)*, ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

A PONTE VELLA

A principios do século XX, existía aquí unha vella ponte que estaba construída de madeira, pero esta foise podrecendo co paso dos anos ata o punto de que non se podía cruzar o río por ela, polo que os veciños víanse obrigados a dar un gran rodeo para ir ás súas terras, casas ou mesmo ir á igrexa ou ao cemiterio.

Un veciño do lugar chamado Ramón Martínez (O Caminero) dispoñía dunha pequena gabarra coa cal aproveitaba para poder cruzar o río con ela e levar á súa familia e a algún veciño á igrexa para oír misa.

O feito de que os veciños a definisen como A Ponte Vella acabou dándolle nome a este barrio.

Segundo o libro “O Camiño de Santiago na Mariña Lucense” de Xoán Ramón Fernández Pacios, editado polo Xacobeo, a este barrio chegaba o Camiño Francés do ano 1540.

Debaixo desta ponte existe un pozo que lle chaman

O POZO DA PONTE VELLA

Como en tódolos ríos que existen varios pozos, neste lugar do río Ouro, existe outro pozo, chamado Pozo da Ponte Vella.

SAN MARCOS DA PONTE VELLA

Ninguén sabe quen puido ser o autor desta curiosa obra tallada en pedra de granito que din estar ligada á figura do apóstolo San Marcos.

A finais dos anos 50 do pasado século, esta pedra foi o xoguete dalgúns dos nenos do barrio de A Ponte Vella, os cales se dedicaban a empurrala dándolle voltas pola costa abaixo do camiño coma se dunha pelota se tratase, pero a pesar de dar tantas voltas, tal obra volveu, non se sabe como, a parar ao lugar onde sempre estivo colocada.

Esta figura monolítica que representa como dixeran á figura do apóstolo San Marcos, aínda que ninguén sabe do século que pode ser, os veciños contan que a súa rogativa supera os 100 anos de antigüidade.

A pedra xunto con outras, formaba valado no terreo dunha casa situada no barrio de A Ponte Vella que era propiedade Ramón Martínez Rodríguez (O Caminero) xa antes de se casar.

Ramón Martínez casou con Piar Díaz Rábade, natural de Trobo do concello de Begonte (Lugo), e eran coñecidos en Fazouro polos da “Casilla”, por que vivían nunha daquelas casas coñecidas por “Casilla de Peones Camineros”.

No ano 1949, María, filla deles, e o seu esposo Manuel Martínez, fóronse vivir a esa casa que lles cederon os seus pais e sogros.

Como xa dixeran que polos anos 50 do pasado século, serviu de xoguete para os nenos, un dos que máis xogaba con ela era o fillo de Manuel e María que se chamaba Francisco Martínez Martínez (Paco da Casilla), quizais por que a pedra estaba máis ao seu alcance ao estar nun terreo da súa propiedade.

Un día Paco, decidiu pintar a imaxe do Santo para resaltala e fíxoo con tinta extraída das bólas do sabugueiro –viauteiro- (*Sambucus nigra*). Se nos fixamos, nunha das caras esculpidas aínda se notan as marcas do tinguído.

Esta imaxe recibiu rogativas dos fieis fai moitísimos anos como xa comentei, e posiblemente as fixeron ata finais do século XIX onde os fregueses de Fazouro ao saír de misa ou quizais durante a procesión dalgún acto relixioso, viñan a este lugar dende a Igrexa Parroquial que está moi próxima, para pedirlle ao Santo que os favorecese con chuvia cando ían sementar o millo no mes de maio.

A pedra librouse de ir parar á entulleira grazas a Estrella Alonso (Estrella do Carolo) que evitou que a recollese a padexeira e a botase no camiión.

Finalmente, e por expreso desexo de María Martínez, a súa auténtica propietaria, foi colocada no lugar onde sempre estivo e nese lugar desexamos que permaneza.

O PRADO DAS ÁNIMAS

Curioso nome o deste prado que se refire ás Ánimas ou Almas que penan no purgatorio e por iso, este topónimo refírese ás almas que arrastraban as cadeas do pecado, pois os veciños din, que nalgún tempo escoitaban como o arrastre de cadeas.

OS PRADOS DE FERNANDETE

Topónimo composto con nexo preposicional.

Orixe latino-xermánica.

1.º Elemento do composto: PRADOS.

Latín *prātum,-i*, ‘prado’, ‘pradaría’.

(DICCIONARIO ILUSTRADO LATINO-ESPAÑOL ESPAÑOL-LATINO: 1962, 391).

2.º Elemento do composto: FERNANDETE.

FERNANDETE: nome familiar ou diminutivo do antropónimo Fernando (o mesmo que Manolete, de Manuel; Pepete, de Pepe, etc.).

O antropónimo Fernando é de orixe xermánica.

(IF, 28.06.2022).

“La forma *Feren-*, *Férena* es la que produjo los nombres *Fernán*, *Fernando* y *Ferrán*, con formas como *Frenan* y la ‘d’ de *Freda*, en *Fredenán(do)*,...

Los nombres tipo *Fernando*, *Frenando*, etc... en realidad portan el nombre de la diosa *Freda*, del cual debió derivar la palabra ‘paz’.

El *Viernes* es el día de Venus, lat. *Véneris*, que coincide con el *Frey-tag* antiguo, hoy *Freitag*, alemán, el día de Freya, y *Fri-day* inglés; *Fredag* noruego y sueco.

Así pues, la diosa madre nórdica [Freda, de onde vén o nome Fernando] es la

misma diosa preindoeuropea, sumeria, babilónica, egea, fenicia, celta, grecorromana, etc., *con el mismo nombre.*”
(JOAQUÍN CARIDAD ARIAS: 1995, 123).

A FONTE DE FERNANDETE

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexa preposicional.

Orixe latino-xermánica.

1.º Elemento do composto: FONTE.

Latín *fonte(m)*, ‘manancial de auga’.

(ISAAC FERREIRA / MANUEL LOURENZO / XESÚS PISÓN: 2010, 187).

2.º Elemento do composto: FERNANDETE.

(Véxase, neste mesmo traballo, o topónimo OS PRADOS DE FERNANDETE).

POZO DE FERNANDETE

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexa preposicional.

Orixe latino-xermánica.

1.º Elemento do composto: POZO.

Do latín *putĕu*.

(s. m.). 1, Foxo que se escava na terra, ata atopar unha vea de auga.

2. Lugar máis profundo dun río.

3. Foxo profundo, aínda que estea seco.

4. Presa do muíño.

5. Depresión do fondo mariño.

6. *Min.* Foxo profundo para baixar á mina, ou para extraer petróleo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.187).

2.º Elemento do composto: FERNANDETE.

(Véxase, neste mesmo traballo, o topónimo OS PRADOS DE FERNANDETE).

O MUIÑO

E A SÚA LENDA

Aquí debemos poñer unha foto actual do lugar e tamén a da lenda.

NOTA: Os datos que nos aporta Sandra Río Friol sobre esta edificación en ruínas son exactos.

Referente á lenda, debo dicir que por ser miña nai nativa de Fazouro, eu dende neno coñecía esta historia e son, efectivamente moitos os veciños testemuñas do misterio desta luz. Que se crea ou non é unha cuestión moi respectable.

O Muíño (chámasele así a todo o ámbito) é un vello lugar da parroquia de Fazouro, pertencente á familia Posada, donos da casa señorial que hai no lugar de Moure.

No Muíño viviron ao longo do tempo varias familias, xa que contaba cunha casa grande con cortes, forno para facer o pan, hórreo, árbores froiteiras, fonte e muíño, que foi construído polo dono (Posada) mediante un mecanismo que consistía en desviar a auga dunha canle que baixaba polo monte para un depósito que colocou na ladeira do monte por arriba de onde estaba situado o muíño. A auga baixaba pola canle ata chegar ao muíño, que era unha casa pequena situada nunha zona do terreo máis baixa que a casa grande.

Co paso do tempo a auga foi a menos e a canle deixou de ter forza para mover o muíño polo que se viron obrigados a introducirle enerxía eléctrica para que movese as moas, pero a planta que subministraba a enerxía eléctrica situada en Fontao non tiña a potencia suficiente e así uns días funcionaba e outros non deixando ao muíño e á parroquia de Fazouro sen subministración eléctrica e ao final os propietarios do muíño víronse obrigados a abandonar o negocio.

Os primeiros en habitar o lugar foron unha familia de ferreiros, que se trasladarían co tempo ao barrio da "Ponte de Ferro". Posteriormente, alí viviu a chamada "Familia do Muíño", aínda hoxe coñecidos por ese sobre nome.

Esta familia estaba formada polo matrimonio que se chamaban Robustiana e Antonio, que tiveron varios fillos, dos cales unha filla chamada Dolores, que casou cun noivo chamado Ramón, quedaron a vivir no Muíño.

Dolores e Ramón tiveron varios fillos e dúas das súas fillas tamén viviron alí cos seus maridos.

Os novos matrimonios chamábanse Victoria e Pepe, e Carmen e José Ramón.

Cando casaron, Carmen e José Ramón, o dono do lugar habilitou o muíño xa en desuso como vivenda, e as pezas do muíño foron vendidas para outro muíño do barrio de Bargado, tamén en Fazouro.

Debido a isto, o lugar, que foi dos primeiros en ter luz eléctrica, xa que aproveitaban a enerxía do muíño para iso, ao inhabilitarse o muíño tamén quedaron sen esa enerxía e tiñan que iluminarse con candís.

Parte dos membros da familia morreron e outros marcharon a vivir a outros lugares e ao final quedaron a vivir aquí Carmen e José Ramón e a súa filla Carmen, que casou con Cándido e neste lugar tiveron o seu primeiro fillo.

Deste lugar situado á beira do río Ouro, que destaca pola fermosura da súa paisaxe, podemos dicir tamén que ningún outro mellor que el para facer honra ao cualificativo de Galicia como "TERRA DE MEIGAS".

E é que toda a xente que mencionamos anteriormente deu conta ao longo dos anos dun fenómeno que non sabemos moi ben como chamalo, pero o que está claro é que puido ser de todo menos natural.

Alí, ao anoitecer, aparecía de entre o monte, non se sabe o sitio concreto, unha luz

máis ou menos tenue, que non alzaba máis dun metro do chan, unha luz que se situaba entre a xente que habitaba o lugar, que eles non vían, pero que si se vía de lonxe.

Polo tanto, se temos en conta as xeracións da mesma familia que viviron alí, e a familia que viveu anteriormente, podemos dicir que a presenza da luz está testemuñada desde moi antigo.

Por exemplo, unha irmá de Dolores, avoa de Carmen, que emigrara a Arxentina, xa vira a luz nunha ocasión que estaba diante da porta cun noivo que tiña.

Como xa dixemos, a luz víase de lonxe e Carmen (que é quen nos relata a historia) viuna moitísimas veces.

Nunha destas ocasións en que Carmen viña das compras, viu que a súa tía Victoria saía de casa para ir por auga á fonte, levaba na man un candil por que estaba a anoitecer, e viu que a súa tía pasaba xusto polo lado da luz co candil, e ela nin se decatara.

Tamén o seu marido Cándido viu a luz moitas veces daquela que casaron. Cando Cándido viña de pescar polas noites e vía a luz, quedaba a durmir na Ponte Vella na casa da súa familia, ata que pasado o tempo, lle foi perdendo o medo e ía para a súa casa aínda que aparecese a luz.

Conta Carmen, que normalmente a luz permanecía fixa no lugar no que se colocaba, pero en ocasións movíase e saía do lugar do muíño, de feito que incluso a viron saír da Ponte Vella e entrar no cemiterio.

Tamén a un tío de Carmen, chamado Ramón e que vivía no Muíño, pasoulle un caso que nunca soubo moi ben como explicar nin describir, pero que non é menos inquietante que os outros. Este señor, daquela mozo, viña polo camiño que baixa dende Moure á Ponte Vella cando de pronto notou unha sensación moi estraña, un frío que lle percorría todo o corpo, e coma se a roupa lle escapase. Ao mesmo tempo notou que algo atravesaba o camiño moi lentamente, pero non soubo explicar o que. Apurou o paso e cando chegou ao cruzamento que vai dar á igrexa, volveu a cabeza e viu a luz parada nas hortas de Moure.

Cando os do Muíño contaban estes casos, había xente que non os cría, dicían que eran eles coa luz dun candil e que non existía tal misterio, como o caso de Ramón de Abelardo, veciño deles, que dicían que todo era un conto inventado polos habitantes do Muíño.

Ata que un día volvían todos para casa: Carmen, José, Ramón, Cándido, Carmen (a nora desta) e Cándido fillo, e viron que a luz, como pasaba habitualmente, estaba de novo no Muíño.

Entón, chamaron á casa de Ramón de Abelardo e dixéronlle: Chamámoste para que vexas que existe tal luz e que non somos nós os que a inventamos. Estamos todos aquí e na casa non queda ninguén que a acenda ou a acendese!.

Ao escoitar isto, Ramón sorprendeuse tanto que lles dixo que fosen andando para a casa e el esperaba no cruzamento cun foco ata que chegasen. A familia do Muíño chegou á casa e dirixíronse á fonte, xa que lles parecía que a luz estaba alí, pero Ramón fíxolles un sinal co foco e berroulles que estaba arriba no horto.

Eles subiron e non viron nada, e Ramón dicíalles que a luz estaba pegada a eles.

De pronto, Cándido, o marido de Carmen, dixo: O que hai aquí non se mete connosco, así que volvamos á casa!, e así o fixérono.

Ao día seguinte, Ramón de Abelardo chegou cunha fouce á casa deles e revisou tódalas pedras da horta sen atopar nada, pero dende aquela creu o que lle contaban.

E é que a luz sempre se viu de lonxe, ninguén logrou vela de preto, a excepción dun tío de Carmen, que estando a luz na fonte conseguiu achegarse, pero pasou tanto medo co que viu que nunca se atreveu a dicir o que era.

Tamén contan que un veciño de Vilarmea, o señor Telmo da Torre, estaba recollendo algas nas Penas da Salsa (de onde tamén se dicía que partía a luz) e viuna e seguiuna ata os Cutillóns na praia de Peizás, xa que era unha persoa moi valente e contan que non tiña medo a ninguén. O caso é que logrou achegarse á luz, e non se sabe o que lle viu, pero dende aquela nunca máis quixo saír fóra ao anoitecer.

Sacar conclusións de isto sería moi arriscado aínda que a familia do Muíño tiña a súa teoría. Parece ser que hai moitos anos, cando no muíño vivira a familia do ferreiro, afogóuselles un fillo no río, e din que podería ser a alma errante do neno.

Texto de Sandra Ríofriol – Fazouro – Foz

NOTA: Despois de moitos anos, soubemos por Pablo Villarrubia, reporteiro, periodista e ufólogo de Cuarto Milenio de Cuatro TV., que esta estraña luz, tratábase dunha baliza extraterrestre á deriva. Estas balizas adoitan estar unha tempada nun lugar e logo marcha para outro lugar e así sucesivamente ata que se descompón e desaparece.

Xesús do Breogán

AS CHOCAS

Orixe céltica, a través do latín.

Latín *clocca* ‘clueca, sonido hueco’; céltico *clocc-*, imitativo.

Onomatopéico, de ‘soar a choca unhas pedras’.

De la Edad Media podemos citar: *cloc, cloc* ‘sonido de vasija que vierte el líquido’; *cloca* por *cloaca* ‘zanja desaguadero de campos; cloca ‘campana’ y *clocarium* ‘campanario’. También *cloquare* ‘sonar’...

El tema, según Pidal, viene de *Cloc-*, onomatopéico, como también el latín *clocca* y el céltico *cloc*. El gallo tenía *cloch* y el irlandés *cloc*. A nosotros nos llegaría del celta, latinizado después.”

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982: 121-122).

O POZO DO MILLEIRO

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: POZO.

Do latín putĕu.

(s. m.). 1, Foxo que se escava na terra, ata atopar unha vea de auga.

2. Lugar máis profundo dun río.

3. Foxo profundo, aínda que estea seco.

4. Presa do muíño.

5. Depresión do fondo mariño.

6. Min. Foxo profundo para baixar á mina, ou para extraer petróleo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.187).

2.º Elemento do composto: MILLEIRO.

Fitónimo (flora).

Do latín miliu(m), ‘millo’.

En portugués milleiro, a planta.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982: 178).

Tamén temos, en Xosé González (2014), “A MILLEIRA. O Termo podería ser relativo a ‘cultivo do millo’, co sufixo –eira [no noso caso de Foz –eiro], indicando ‘lugar onde abunda o millo’ ou ‘lugar que produce bon millo’...

Ao ser un topónimo antigo, podemos supor que ‘millo’ refire ao ‘millo miúdo’ ou ‘paínzo’, e que se viña cultivando en Europa desde a antigüidade, e era o que se chamaba ‘millo’ antes de ter chegado o millo de América.

Alternativamente, podería derivar do latín miliaria [ou miliarium], marco nas calzadas.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

Neste pozo había moitos "reos". O reo tamén é coñecido por "troita marisca ou de mar". Nome científico, (*Salmo trutta trutta*).

O PEGUIÑO

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: POZO.

Do latín putĕu.

(s. m.). 1, Foxo que se escava na terra, ata atopar unha vea de auga.

2. Lugar máis profundo dun río.

3. Foxo profundo, aínda que estea seco.

4. Presa do muíño.

5. Depresión do fondo mariño.

6. Min. Foxo profundo para baixar á mina, ou para extraer petróleo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.187).

2.º Elemento do composto: MILLEIRO.

Fitónimo (flora).

Do latín *miliu(m)*, ‘millo’.

En portugués *milleiro*, a planta.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982: 178).

Tamén temos, en Xosé González (2014), “A MILLEIRA. O Termo podería ser relativo a ‘cultivo do millo’, co sufixo –eira [no noso caso de Foz –eiro], indicando ‘lugar onde abunda o millo’ ou ‘lugar que produce bon millo’...

Ao ser un topónimo antigo, podemos supor que ‘millo’ refire ao ‘millo miúdo’ ou ‘paínzo’, e que se viña cultivando en Europa desde a antigüidade, e era o que se chamaba ‘millo’ antes de ter chegado o millo de América.

Alternativamente, podería derivar do latín *miliaria* [ou *miliarium*], marco nas calzadas.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

AS PASADAS DA BARCIA

Hidróónimo composto con nexo de preposición.

Orixe latino-paleoeuropea.

1.º Elemento do composto: PASADAS.

Punto máis alto a onde chega a marea. Escabezada.

(PACO RIVAS: 2016, 173).

2.º Elemento do composto: BARCIA.

Orixe paleoeuropea, precéltica ou prelatina.

Prelatino * (i)bar-k-ena ‘lo de la orilla’, de (i)bar ‘orilla’.

En vasco *ibar* ‘orilla de río, valle, vega’.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982: 112-113).

“Unha ‘barcia’ é un terreo chan e cultivado, un campo chan, moitas veces ao pé dun río.

Canto á súa orixe, a serie *Barcia / Varcia / Barxa* foi detalladamente analizada por Bascuas. En efecto, Bascuas pon de manifesto o ‘absoluto predominio’ da documentación antiga como *varcena* e despois *varcia*, en canto que a representación con ‘b’ foi excepcional. Por isto e outras razóns, deriva ‘Barcia’ e ‘Barxa’ dunha forma paleoeuropea **war-ki-na*, a partir da raíz indoeuropea **war-‘auga’*; non lle dá orixe celta, ao non estar tal raíz estendida no celta. Cf. E. Bascuas [López]: *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. [Vigo]: 2014, páxs. 154-155.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

O POZO DE BENITO

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Topónimo composto con nexo de preposición.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: POZO.

Do latín *putĕu*.

(s. m.). 1. Foxo que se escava na terra, ata atopar unha vea de auga.

2. Lugar máis profundo dun río.

3. Foxo profundo, aínda que estea seco.
 4. Presa do muíño.
 5. Depresión do fondo mariño.
 6. *Min.* Foxo profundo para baixar á mina, ou para extraer petróleo.
(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.187).
- 2.º Elemento do composto: BENITO.
Antropónimo (nome de persoa).
Nome do posesor.
(IF, 29.06.2022).

Neste pozo había moitos "reos". O reo tamén é coñecido por "troita marisca ou de mar". Nome científico, (*Salmo trutta trutta*).

O REGO DO FOXO

Hidróónimo composto con nexo de preposición.

Orixe latino-paleoeuropea.

1.º Elemento do composto: PASADAS.

Punto máis alto a onde chega a marea. Escabezada.

(PACO RIVAS: 2016, 173).

2.º Elemento do composto: BARCIA.

Orixe paleoeuropea, precéltica ou prelatina.

Prelatino * (i)bar-k-ena 'lo de la orilla', de (i)bar 'orilla'.

En vasco ibar 'orilla de río, valle, vega'.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982: 112-113).

"Unha 'barcia' é un terreo chan e cultivado, un campo chan, moitas veces ao pé dun río.

Canto á súa orixe, a serie Barcia / Varcia / Barxa foi detalladamente analizada por Bascuas. En efecto, Bascuas pon de manifesto o 'absoluto predominio' da documentación antiga como varcena e despois varcia, en canto que a representación con 'b' foi excepcional. Por isto e outras razóns, deriva 'Barcia' e 'Barxa' dunha forma paleoeuropea *war-ki-na, a partir da raíz indoeuropea *war-'auga'; non lle dá orixe celta, ao non estar tal raíz estendida no celta. Cf. E. Bascuas [López]: Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega. [Vigo]: 2014, páxs. 154-155."

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

O CANEIRO

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Orixe latina.

Do latín canalis, ['canal'], derivado de canna, 'caña'.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 255).

O CANEIRO / OS CANEIROS

"Aínda que en principio o topónimo Os Caneiros parece un abundancial de 'cana', pensamos que máis ben se refire a un tipo de pesqueira fluvial chamada 'caneiro', por alusión ó canal onde se colocaban as redes para pescar.

Volvendo ós Caneiros, topónimo que debe facer referencia á mesma circunstancia é o de Caneiro, que así mesmo nomea medios acuáticos non só de río, senón tamén de mar... Por fin, recibe o nome de Caneiro unha punta litoral situada na estrema da praia de Agañán, preto da aldea de Seán, na parroquia e concello coruñés de Boiro. Este último Caneiro, ó estar emprazado no mar, suxírenos a existencia dun antigo caneiro marítimo.

... En canto á subsistencia na actualidade de caneiros en Galicia, aínda existen este tipo de pesqueiras fluviaís sobre o río Miño, na zona de Portomarín.”

(FERNANDO CABEZA QUILES: 2000, 109-110).

“Un ‘caneiro’ é unha canle, un canal, por veces usado para pescar.

Os ‘caneiros’ xa foron definidos por Sarmiento como ‘Los canales de los ríos para la pesca’ (M. Sarmiento. Catálogo de voces y frases de la lengua gallega: 1746-1755c). O dicionario de Marcial Valladares Dicionario gallego-castellano (1884) dálle un sentido máis específico, que tal vez fose o caso:

Canal de pesca, compuesto ordinariamente de dos muros ó estacadas, llamadas guiares (V. guiar); muros, ó estacadas, que desde las opuestas orillas de un río convergen en determinado punto del mismo, formando ángulo, en cuyo vértice hay uno o más boquetes, para colocar las redes que son á manera de manga y destinadas por lo regular, á coger anguilas.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

Nesta zona había unha central eléctrica que abastecía só a Fazouro.

POZO DA CALDEIRA

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: POZO.

Do latín putĕu.

(s. m.). 1. Foxo que se escava na terra, ata atopar unha vea de auga.

2. Lugar máis profundo dun río.

3. Foxo profundo, aínda que estea seco.

4. Presa do muíño.

5. Depresión do fondo mariño.

6. Min. Foxo profundo para baixar á mina, ou para extraer petróleo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.187).

2.º Elemento do composto: CALDEIRA.

(s. f.). 4. Cráter dun volcán.

5. Canle para regar as terras.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 297).

PUNTA DO PORTUGUÉS VOCAL

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

Orixe latina.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungĕre, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: DO PORTUGUÉS VOCAL.

Acerca deste segundo elemento do topónimo carezo de datos, de argumentos e de ocorrencias. Aínda que, en falando de ocorrencias, podería tratarse dun xentilicio (persoa orixinaria dun determinado lugar ou país, neste caso Portugal) de posesor (o Portugués de Foz) desa punta que nos indica o primeiro elemento do topónimo. (IF, 01.07.2022).

PUNTA DA PAMPILLOSA

Topónimo composto con nexa de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

Orixe latina.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: PAMPILLOSA.

Referido á flora.

Abundancial de pampillo.

“Pampillo (Cangas do Morrazo).

Etimoloxía: del gallego pampillo ‘especie de planta’ y ésta a su vez derivada de pampo ‘pámpano’.”

(Mª del C. RÍOS PANISSE: 1977, 61).

“pampillo, planta anual da familia das compostas (NC. *Coleostephus myconis*), de flores amarelas parecidas ás da margarida.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014)

CAMIÑO NOVO

Topónimo composto.

1.º Elemento do composto: CAMIÑO.

Orixe prerromana a través do latín.

(do latín vulgar *cammīnu* < prerrom. *kamm*, ‘andar’).

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 305).

2.º Elemento do composto: NOVO.

Topónimo formado por un adxectivo de significado transparente.

PUNTA DO CAMIÑO NOVO

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

Orixe latina.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungere, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: CAMIÑO NOVO.

Orixe prerromana e latina.

(Véxase o topónimo anterior).

PENA DA ADALA

Podería tratarse de PENA ADRADA ou PENA DA ADRA.

(IF, 03.07.2022).

Topónimo composto con nexo preposicional.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PENA.

Latín pinna(m), ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: ADALA <ADRADA < DA ADRA < DA HEDRA.

hedra (do latín hedera) (s. f.). Planta rubideira das araliáceas (NC. Hedera helix), de tronco e ramos sarmentosos, raíces adventicias, follas coriáceas en forma de corazón, flores en umbela e froito en baga.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 779).

“Transcrición da pronuncia de ‘pena hedrada’, pena con hedra.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

PORTO DE FAZOURO

Ninguén de Fazouro lembra a antigüidade deste porto, pero si nos din que foi un pequeno porto onde chegaron a haber moitas lanchiñas pequenas.

Lanchas como La Giralda e Marisa de Eulogio, A Paz, Portovello ou Micaela do Coi, Mensajera de Eulogio Val, San Campio e Isabel dos Gatos, Amelia e Amador, Río Ouro de Francisco do Chirolo, José Mary de Lilao, Madre Concepción de Bienvenido e María Rosa de Legaspi.

As lanchas: Micaela, Giralda e Paz, adoitaban pescar ao marisco: lagostas, lumbrigantes, centolas, nécoras, etc.

As outras lanchas andaban ao trasmallo e embalos.

Nota: Trasmallo.- Triple rede. Arte de pesca formado por tres redes, que se cala con

pedras ou chumbos.

Embalo.- Arte de pesca, consistente en facer ruídos na superficie do mar, para que os peixes, asustados se precipiten nas redes.

COVA DO MOURO

Topónimo composto con nexa de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento da composición: COVA.

Do latín vulgar *cova, ‘oca’, feminino do adxectivo covus < lat. cavus, ‘oco’, baleiro, escavado’.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 454).

Tamén neste caso ‘Cova’ parece funcionar como substantivo (IF, 26.06.2022).

2.º Elemento da composición: MOURO.

Do latín mauru.

Mouros:

“Son os construtores dos castros, mámoas, castelos, petróglifos, penedos, covas, etc. Son un pobo máxico, hoxe agachado baixo terra, pero que antes foron a Mourindade. Ó noso parecer, son os antigos habitantes de Galicia, sublimados e encantados...”

Pero ademais, naturalmente gardan os tesouros ós que non lles dan ningún aprecio.

Chama a atención que case tódolos útiles son de ouro: grades, xugos, arados, tesoiras, fouciños, os xogos, como o dos bolos, e ata os bois.”

(XOÁN R. CUBA / ANTONIO REIGOSA / XOSÉ MIRANDA: 1999, 171-172).

PUNTA VENTOEIRA

Topónimo composto.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungere, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: VENTOEIRA.

ventoeira (s. f.): Acaso Ventolada (s.f.).

1. Efeito de ventola. Acto ou efecto de haber ventola.

2. ventoa (s. f.). Efeito contrario do vento nunha vela ou noutra superficie calquera que produz un empurro prexudicial.

(ISAAC ALONSO ESTRAVÍS: 1986, Tomo III, 2.634).

“Lugar ventoso.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

ÍNSUAS

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Orixe latina: plural de insula(m).

Orixinariamente, as ínsuas eran illas de auga doce.

1. Pequenas illas nun río.

2. Terreo baixo de cultivo á beira dun río.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 845).

“ÍNSUA:

1. O topónimo Ínsua, frecuente en Galicia, do latín insula, ‘terra rodeada de auga’, refírese ás veces, máis que a unha illa propiamente dita, a porcións de terreo configuradas polas encostas ou ribeiras de arroios ou mínimas correntes fluviais.

2. O nome de lugar Ínsua ou A Ínsua tamén pode referirse a un territorio menos accidentado, a xeito de península, situado na confluencia de dous ríos.

3. Cousa distinta é que o termo Ínsua se refira a cabos ou penínsulas costeiras, que tampouco son illas convencionais ó non estaren rodeadas de auga por todas partes.

4. Noutros casos o vocábulo insua alude a penas ou illotes rodeados enteiramente de auga. Así o chamado A Ínsua, illote todo pedra situado a carón do porto de Ribeira, que nas preamares queda dividido en dous.”

(FERNANDO CABEZA QUILES: 2000, 207).

5. Tamén o topónimo Ínsua ou A Ínsua pode nomear illotes fluviais totalmente illados.

6. Por último, pode ocorrer que o apelativo de lugar Ínsua / A Ínsua dea nome a puntas unidas ó continente por un banco de area, que en preamar se converten en illas.”

(FERNANDO CABEZA QUILES: 2000, 209).

PUNTA DOS CASTROS

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungere, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: CASTROS.

Orixe latina: Castros, plural de Castro, do latín castellu(m).

Lugares poboados, na Idade do Ferro, antes da chegada dos romanos a Galiza.

Nesta punta está o Castro de Fazouro, castro dos denominados Marítimos do Noroeste, o máis importante que se conserva nesta zona.

NOIS E FAZOURO:

PRAIA AREALONGA

(Nois).

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto triplo: PRAIA + AREA + LONGA.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PRAIA.

Do latín tardío *plagiā* ‘praia’.

Praia (s. f.). Ribeira dun mar ou dun río, de areais case chans. Sin. areal, area.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.188).

2.º Elemento do composto: AREALONGA (AREA + LONGA).

AREA LONGA > ‘praia alongada’.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 231).

“Arealonga, igual de frecuente, que significa praia longa, de acordo co sentido da palabra galega, hoxe en desuso, ‘area’ igual a praia.”

(FERNANDO CABEZA QUILES: 2000, 309).

“Antigamente ‘area’ significaba tamén ‘areal’, ‘praia’...

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

NOIS:

PUNTA ESPÍÑEIROSA

Topónimo composto.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: ESPÍÑEIROSA.

“Lugar onde abundaban as árbores chamadas ‘espiños’.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2022).

TURBAS NA PRAIA DE AREALONGA

O achado destes restos fósiles na praia de Arealonga, foi unha grande sorpresa para tódolos veciños de Nois, pois nun principio confundíronos con "chapapote" do naufraxio do petroleiro "Prestige", pero o que menos se imaxinaban, era que non se trataba de "chapapote" se non de TURBAS de grande interese científico.

Cabe destacar, que os máis anciáns da zona, recordan que os seus avós lles contaban que ao baixar o mar e en mareas vivas, quedaban restos de arboredo ao descuberto, ditos restos eran transportados polos labregos en carros tirados por vacas ou bois ata as súas casas, e unha vez secos os troncos servían para facer lume por que duraban máis tempo que a leña que traían dos montes e quentaban mellor, segundo nos conta Vicente Sixto veciño da parroquia.

As turbas descubertas na praia de Arealonga están consideradas polos expertos como as máis importantes de Europa e teñen unha antigüidade de 120.000 anos.

Foron visitadas e analizadas ata por expertos procedentes de Canadá.

QUE SON AS TURBAS?

A turba é un material orgánico compacto, de cor parda escura e rica en carbono. Está formado por unha masa esponxosa e lixeira na que aínda se aprecian os compoñentes vexetais que a orixinaron. Ten propiedades físicas e químicas variables en función da súa orixe. Emprégase como combustible e na obtención de abonos orgánicos.

FORMACIÓN DA TURBA

A formación de turba constitúe a primeira etapa do proceso polo que a vexetación se transforma en carbón mineral. Fórmase como resultado da putrefacción e carbonización parcial da vexetación na auga ácida de pantanos, marismas e lugares húmidos. A formación dunha turba é relativamente lenta como consecuencia dunha escasa actividade microbiana, debida á acidez da auga ou a baixa concentración de osíxeno. O paso dos anos vai producindo unha acumulación de turba que pode alcanzar varios metros de grosor, a un ritmo de crecemento que se calcula de entre medio e dez centímetros cada cen anos.

TIPOS

Pódense clasificar en dous grupos: turbas louras e negras. As turbas louras teñen un maior contido en materia orgánica e están menos descompostas. As turbas negras están máis mineralizadas tendo un menor contido en materia.

APLICACIÓNS

En estado fresco alcanza ata 98% de humidade, pero unha vez seca pode usarse como combustible.

A turba tamén se usa en xardinería para mellorar chans pola súa capacidade de retención de auga.

É máis frecuente o uso de turbas louras en cultivo sen chan, debido a que as negras teñen unha aireación deficiente e uns contidos elevados en sales solubles. As turbas louras teñen un bo nivel de retención de auga e de aireación, pero son moi variables en canto á súa composición xa que depende da súa orixe. A inestabilidade da súa estrutura e a súa alta capacidade de intercambio catiónico interfieren na nutrición vexetal, ao presentar un pH que oscila entre 3,5 e 8,5. Emprégase na produción ornamental e de plántulas. A turba negra utilízase nalgunhas zonas de Escocia para o secado dos ingredientes do güisqui, que lle dá un aroma único.

BORNEIRA/VENTOEIRA

BORNEIRA.

Orixe prerromana, acaso indoeuropea.

(s. f.).

1. Pedra negra moi dura [utilizada] para facer pedras de muíño.

2. A moa feita desta pedra.

(ISAAC ALONSO ESTRAVÍS: Tomo I, 1986, 406).

“Ademais desta punta costeira [de Fazouro], hai outra punta costeira, tamén cantil, ‘A Borneira’ en Cangas, onde tamén atopamos o mesmo accidente costeiro co nome ‘Borneirón’. Así mesmo na costa de Muros atopamos outra ‘Punta Borneira’...

Nos dicionarios, tanto en galego como en portugués, atopamos a acepción para borneira de ‘moa de cor negra, para moer o trigo...’

Poderíamos entendelo como lugar onde abunda a pedra borneira, a dita pedra negra, aínda que semella improbable ao apareceren a gran maioría destes topónimos en lugares costeiros, coincidencia de máis.

Martínez Lema estudou estes topónimos, e asígnalles unha orixe prerromana, moi probablemente na raíz indoeuropea *bher- ‘bulir, ferver, inchar, upar’, e que Lema interpreta cun significado de ‘manancial’. Isto encaixa nos casos de puntas costeiras e praias, que indicaría, xa que logo, algo similar a ‘lugar de auga escumante’.

Deste radical *bher-, tal como indica, derivaría o tema *born-, con extensión –n- que Dauzat (1946, 125-127) identificara como *borna ‘fonte, manancial’.

Alternativamente, tamén segundo Martínez Lema, tampouco se pode descartar a orixe na raíz indoeuropea *bhereu- ‘ferver’.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2022).

VENTOEIRA

Ventoeira (s. f.): Acaso Ventolada (s.f.).

1. Efeito de ventola. Acto ou efecto de haber ventola.

2. ventoa (s. f.). Efeito contrario do vento nunha vela ou noutra superficie cualquier que produz un empurro prexudicial.

(ISAAC ALONSO ESTRAVÍS: 1986, Tomo III, 2.634).

“Lugar ventoso.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

AUGAS DE COVAS

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexo preposicional.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: AUGAS.

Do latín aqua, ‘auga’.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 204).

2.º Elemento do composto: COVAS.

Do latín vulgar *cova, ‘oca’, feminino do adxectivo covus < lat. cavus, ‘oco’, baleiro, escavado’.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 454).

Tamén neste caso ‘Cova’ parece funcionar como substantivo (IF, 26.06.2022).

O CASTRIÑO

Orixe latina.

“Diminutivo de ‘castro’, do latín castrum, ‘castelo, fortaleza’.

En galego designa un tipo de asentamento prehistórico característico do Noroeste peninsular, aínda que tamén é usado na toponimia para se referir a outra clase de edificacións semellantes ou mesmo a unha elevación do terreo onde puidese ter existido un castro (Cf. Martínez Lema: Toponimia de Begonte e Rábade, 2012).”
(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2022).

Castriño, diminutivo de Castro, do latín castellu(m).

Lugar poboado na Idade do Ferro, antes da chegada dos romanos a Galiza.
(IF, 03.07.2022).

PORTIÑO DAS CABRAS

Hidróónimo composto con nexos de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PORTIÑO.

Diminutivo do latín pōrtu(m), ‘porto’.

1. Lugar de refuxio dos barcos.

Non é o mesmo que peirao ‘lugar de atraque’. O peirao é unha das partes do porto.

2. Pasantía dun rego.

3. Paso de montaña.

2.º Elemento do composto: CABRAS.

Cabra [peixe]:

1. Esp. ‘gallineta’. NC. *Helicolenus dactylopterus*.

(Viveiro, ..., Cangas de Foz).

Cabracho d’altura: Foz.

Cabreļa: Burela.

2. Esp. ‘cabracho’. NC. *Scorpaena scrofa*.

(Mª del C. RÍOS PANISSE: 1977, 300-301 e 310-311).

PUNTA DA ESCALEIRIÑA

Topónimo composto con nexos de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungere, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: ESCALEIRIÑA.

Diminutivo do latín scalarĩa.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 628).

Significado transparente. Ben seguro de pedra e por efecto da erosión do mar, por unha fotografía que acabo de ver publicada en Facebook (05.07.2022) pola nosa estimada e esforzada amiga Ángeles Parga Pardiñas, residente en Nois.

MOSTEIRO

Acaso O MOSTEIRO.

Orixe greco-latina.

Do grego monastérion, polo latín monasteriũ.

(s. m.). Casa ou convento apartado das poboacións onde vive unha comunidade monástica.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.015).

Etimoloxía: monastérion > monasteriũ > moasteiro > moosteiro > mosteiro.

(IF, 03.07.2022).

MADRE DAUGA

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexos de preposición e artigo contractos e asimilados.

Só consigo recoller “Corda madre”.

(PACO RIVAS: 2016, 142).

O CAMPÓN

Fitónimo (flora).

Orixe latina.

Do latín campu, ‘planicie non cultivada’.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 307).

De campo. Sin. camposa.

“Un ‘campón’ é un campo de sécano de moita extensión.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2022).

OS CANÁS

Orixe latina.

De canas ou de canais (Sin. canles).

A miña opinión é que procede do latín canāle > pl. canales > canaes > canás.

(IF, 04.07.2022).

PORTO DE NOIS

Este porto aínda segue tendo algo de actividade. En tempos, foi porto baleeiro.

A PESCA DA BALEA EN NOIS

Ata agora non puidemos atopar noticias máis antigas sobre a pesca da balea, e así a noticia máis afastada sobre a pesca dos cetáceos nestas costas vénnos da man de Priegue quen no seu libro, nos di: "desde por lo menos la 2.^a mitad del siglo XIII se cazaba en la costa septentrional de Galicia "ballena franca", cuyos rebaños

pasaban por esas aguas en los meses de invierno, La base ballenera documentada de más antiguo es Priorio, en tierras del monasterio de Sobrado, al que los balleneros pagaban un tributo por la autorización para utilizarlo. Laxe, Malpica, Cayón en la Costa da Morte; San Ciprián, Burela, Bares, en la jurisdicción de Vivero, eran otros lugares tradicionalmente asociados a la caza del cetáceo".

Para M.^a José Rodríguez Galdo ("Señores y campesinos en la Galicia de los siglos XIV-XVI". Ed. Pico Sacro, 1976 páx.: 135.) o apoxeo da pesca da balea ten lugar nos séculos XIV-XVI": "Siendo todavía en el siglo XVI una práctica muy lucrativa en las costas del litoral gallego". "La mayor actividad se dio en San Ciprián y Burela, pero también tenemos noticias de esta práctica en Rinlo, Foz y NOIS.. ". "

A razón de que estas costas se vexan poboadas de cetáceos e o seu gra de dureza e frialdade, estas costas de predominio de augas frías, son o tipo de auga que as baleas buscan, e así xa dicíanolo Molina no 1550 "pasada aquella ría de Viveiro va la costa de la mar brava em la qual van estes portos de San Ciprián y Burela. Aquí en estes dosse matan ballenas, porque como se dixen arriba acuden a los puertos de mar brava".

Xa cinguíndonos a Foz, o propio Molina dinos "Luego veremos alla en el mar bravo a Sant Cebrián/también a Burela/ a Noys/Santiago/.

No arquivo do reino de Galicia en A Coruña puidemos atopar un singular documento do cal posuímos unha copia e que fai referencia ao porto de Foz no 1631: A situación da pesca da balea en eses momentos, semella ser bastante precaria, pois os propios veciños, xunto co cura párroco de Foz, solicitan a volta de dous capitáns biscaíños para reactivar a pesca da balea, que sofre carestía dende hai catro anos: "Se siente a cuya causa a quatro años que este puerto no ay vallena".

Meijide falando da pesca da balea no século XVII dinos: "fueron muchas las familias marineras dedicadas a la caza y explotación del cetáceo, actividad que alcanzó su mayor plenitud en los puertos de Foz, NOIS, Burela y San Ciprián. Tal se deduce de varios pleitos suscitados ante la Real Audiencia de Galicia".

Referente ás atalaias que tiveron moi probablemente a súa orixe como puntos de conservación para alertar das baleas ou inimigos que viñesen por mar, e que ao final quedaron como simples observatorios contra os inimigos mariños, así dínolo José Cornide, na descrición do Reino de Galicia de 1764. Falando sobre Foz di: "Em la punta de tierra que ay sobre la barra ay una garita o choza que sirve de atalaya donde se hace guarda para la defensa", e sobre NOIS di: "Em el ay una atalaya para alarmar la costa cuando ay enemigos del puerto".

Texto extraído do libro "Foz, Recuperación da Memoria Histórica" de Piar López Pérez e Juan R. Fernández Pacios. Editado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Debemos destacar que Nois foi concello ata 1840.

Coa Constitución das Cortes de Cádiz en 1812, desapareceron as antigas xurisdicións e señorías e xurdiron os novos concellos. Na lista destes novos

concellos publicada en 1835, aparecen os concellos de San Cibrao, Nois, Foz e Vilaronte, dándose a casualidade de que o concello de Burela pertencía ao concello de Nois. Estes concellos só durarían 5 anos.

No ano 1840, produciuse unha reforma da división xudicial e municipal da provincia de Lugo, que estableceu como capitalidade ao concello de Cervo e que logo despois a parroquia de Burela pasou a pertencer a esa capitalidade conxuntamente con San Cibrao.

Así desaparecen como concellos: San Cibrao, Nois e Vilaronte, estes dous últimos pasarían a ser parroquias de Foz.

PENA GRANDE

Topónimo composto.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PENA.

Latín pinna(m), ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: GRANDE.

Do latín grande (adx.).

Significado transparente.

RÍO VELLO

Hidrónimo (relacionado coa auga).

Hidrónimo composto.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: RÍO.

Do latín rivu (s. m.). 1. Corrente de auga continua que desemboca noutra, nun lago ou mo mar.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.307).

2.º Elemento do composto: VELLO.

Do latín vetūlu (adx.). Que non é recente nin novo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.530).

CENTOLEIRA

Orixe céltica.

Hidrónimo (auga) e zoónimo (fauna).

De centola (dun céltico *centollos, ‘principal e grande’. [?]).

(s. f.). Crustáceo decápodo mariño dos pagúridos (NC. Maja squinado), de carne moi apreciada.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 348).

Sufixo abundancial –EIRA: ‘lugar onde hai moitos centolos’.

[Pena da] Centoleira.

“O nome deste con é transparente, indicando a abundancia de ‘centolos’, ou propicio para a súa captura.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

Con toda seguridade é un hidrónimo. Ten unha pequena cova dupla: A FURADA DA CENTOLEIRA (Foto de Ángeles Parga Pardiñas, Facebook, 02.07.2022).

(Recollido: IF, 02.07.2022).

FURADA DAS GRALLAS

Topónimo composto con nexos preposicional e artigo contractos.

Orixe latina.

1º Elemento do composto: FURADA.

De furar (v). Do latín forāre, ‘furar, perforar’.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 738-739).

2º Elemento do composto: GRALLAS.

Zoónimo (fauna).

gralla (do latín gracūla, feminino de gracūlu, ‘gralla’).

(s. f.). Ave paseriforme dos córvidos (NC. Corvus frugilens), de corpo mouro, peteiro e pés vermellos, e uñas grandes e negras. Vive en Europa, Asia e África.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 763).

PUNTA DO CURVEIRO

Topónimo composto con nexos de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungere, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2º Elemento do composto: CURVEIRO.

Non temos achegas para este topónimo, aínda que aparenta estar relacionado co substantivo feminino ‘curva’. (IF, 04.07.2022).

En 1939, ao remate da guerra civil española, a esta zona foi enviado un destacamento militar ao igual que o que había na Granda en Mañente para controlar as posibles revoltas que puideran xurdir na veciña Asturias.

Esta punta era o lugar estratéxico para eles e aquí foi onde construíron as trincheiras de vixilancia, aínda que o seu asentamento para comer e durmir era na antiga fábrica de salgadura de Cándida Rodríguez Pillado (a Señorita de Covas).

A casualidade da vida fixo que un deses soldados se namorase perdidamente dunha rapaza de Nois chamada Angélica.

Ao parecer, a parella víanse con frecuencia, pero un día Jovino (que así se chamaba o soldado e era asturiano), foi á casa da rapaza o cal, e segundo se me contou, en vez de petar á porta, ocorréuselle asexar pola ventá da cociña, e escoitou algo por parte dos familiares de Angélica, que ao soldado non lle gustou nada.

Polo visto o comentario estaba relacionado con el, por que a familia dela non llo querían de boa gana por ser para eles un descoñecido que podía acabar dando algún desgusto, pode ser que se basearan no vello dito popular de “o que lonxe casa, tacha leva ou vai buscar”.

Segundo oídas, Angélica fixo caso da familia e decidiu cortar con el.

Un día, ían de compras a Burela, Angélica, seu curmán Claudio, que aínda era un neno, e din que podía ir algún rapaz máis, e cando chegaron ao Perdouro, presentóuselle diante dela Jovino e sen mediar palabra apuntoulle co fusil disparándolle un tiro, caendo Angélica morta no chan. Acto seguido, Jovino deitouse a carón dela tamén no chan e metendo o canón do fusil na boca disparouse un tiro morrendo tamén no acto.

O neno Claudio comezou a berrar cheo de pánico e aos berros acudiron os veciños que observaron horrorizados o macabro espectáculo.

NOTA: O Perdouro está un pouco antes da Estación de Servizo de Burela por onde está a rúa que nos leva ao instituto.

PLACEO DO CURVEIRO

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PLACEO.

Placeo [< fondo], cando o fondo ten un pequeno desnivel.

(PACO RIVAS: 2016, 115).

(s. m.). Fondo do mar cuberto de area de moi pequeno desnivel.

(PACO RIVAS: 2016, 187).

2.º Elemento do composto: CURVEIRO.

Non temos achegas para este topónimo, aínda que parece estar relacionado co substantivo feminino ‘curva’. (IF, 04.07.2022).

FONTE CASTRA

Hidróónimo composto (relacionado coa auga).

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: FONTE.

Latín fonte(m), ‘manancial de auga’.

(ISAAC FERREIRA / MANUEL LOURENZO / XESÚS PISÓN: 2010, 187).

2.º Elemento do composto: CASTRA.

Do latín castra, castrōrum (n. pl.): ‘campamento’.

(DICCIONARIO ILUSTRADO LATINO-ESPAÑOL ESPAÑOL LATINO: 1962, 68).

Anglosaxón keaster; chester (Winchester), procedente del latín castra.
(JOAQUÍN CARIDAD ARIAS: 1995, 129, nota 178).
Conclusión: FONTE DOS CASTROS. (IF, 04.07.2022).

MÓGARO GRANDE

Nesta zona coñéceselle por MÓGARO a un pequeno peixe chamado en castelán GOBIO, o seu nome científico é Gobius sp. En galego é LORCHO.

PUNTA DO MÓGARO

Hidróónimo composto.

1º Elemento do composto: MÓGARO.

(Zoónimo).

“Mógaro (s. m.). Peixe pequeno da familia Gobidae (NC. Gobius niger), de corpo cilíndrico e cor escura, con escama ou sen ela, cuxo trazo característico é unha ventosa formada pola fusión das alas ventrais que lle serve para fixarse ao fondo. Atópase pola costa, aínda que tamén se pesca por terra, cando queda nas pozas na baixamar.”

(PACO RIVAS: 2016, 154).

2º Elemento do composto: GRANDE.

Do latín grande (adx.).

Significado transparente.

MÓGARO PEQUENO

Hidróónimo composto.

1.º Elemento do composto: MÓGARO.

(Zoónimo).

“Mógaro (s. m.). Peixe pequeno da familia Gobidae (NC. Gobius niger), de corpo cilíndrico e cor escura, con escama ou sen ela, cuxo trazo característico é unha ventosa formada pola fusión das alas ventrais que lle serve para fixarse ao fondo. Atópase pola costa, aínda que tamén se pesca por terra, cando queda nas pozas na baixamar.”

(PACO RIVAS: 2016, 154).

2.º Elemento do composto: PEQUENO.

Do latín vulgar pittinu, polo latín vulgar *peccuīnu (adx.).

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.135).

Significado transparente.

REGO DA RAXOA

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: REGO.

2.º Elemento do composto: RAXOA.

Raxoa: acaso relacionado con raxo (brazo do polbo)

“Raxos: Tentáculos de los cefalópodos. (Viveiro, Burela, Cangas, Foz, Rinlo, Ribadeo).”

(M.^a del CARMEN RÍOS PANISSE: 1977, pp. 84-85).

“Raxo (s. m.). Cada un dos brazos do polbo.”

(PACO RIVAS: 2016, 198).

PRAIA DAS POLICAS

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PRAIA.

Do latín tardío *plagiā* ‘praia’.

Praia (s. f.). Ribeira dun mar ou dun río, de areas case chans. *Sin. areal, area.*

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.188).

2.º Elemento do composto: POLICAS.

Zoónimo (fauna). Diminutivo de “polas” (aves domésticas), ‘galiñas pequenas’, ‘pitas’, ‘pitiñas’.

PUNTA DAS POLAS

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungĕre*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: POLAS.

Zoónimo (fauna). Aves domésticas, ‘polas’, ‘galiñas’, ‘pitas’.

PRAIA DAS POLAS

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PRAIA.

Do latín tardío *plagiā* ‘praia’.

Praia (s. f.). Ribeira dun mar ou dun río, de areas case chans. *Sin. areal, area.*

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.188).

2.º Elemento do composto: POLAS.

Zoónimo (fauna). Aves domésticas, ‘polas’, ‘galiñas’, ‘pitas’.

CARREIRO LONGO

Esta punta é a que divide a estas dúas pequenas e acolledoras praias: AS POLAS e OS XUNCOS.

Topónimo composto.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: **CARREIRO**.

(De carro ou carreira). Carro (do latín carru).

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 328-329).

2.º Elemento do composto: **LONGO**.

Do latín longu (adx.). 1. Que ten moita lonxitude.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 916).

Significado totalmente transparente.

CANGAS DE FOZ:

PRAIA DOS XUNCOS

Hidrónimo (relacionado coa auga).

Composto con nexa de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: **PRAIA**.

Do latín tardío plagia ‘praia’.

Praia (s. f.). Ribeira dun mar ou dun río, de areas case chans. Sin. areal, area.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.188).

2.º Elemento do composto: **XUNCOS**.

Fitónimo (flora).

Latín iunco ‘xunco’. Baixo latín *iuncaria, *iuncale ‘sitio de xuncos’.

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 199).

ILLA ORXAL

Topónimo composto.

Orixe latina ou latino-prerromana.

1.º Elemento do composto: **ILLA**.

(Hidrónimo (relacionado coa auga).

illa (do latín insŭla, quizais polo catalán illa).

(s. f.). Porción de terra rodeada de auga por todas as partes.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 809).

1. “O vocábulo latino ínsula tamén deu a voz ao topónimo Illa, que recolle practicamente os mesmos significados, agás o de illa de río que o seu parente menos evolucionado Ínsua...”

2. “Noutras moitas ocasións o vocábulo e topónimo Illa recobra o seu significado máis coñecido e convencional de terra rodeada de auga (de mar) por todas partes.”
(FERNANDO CABEZA QUILES: 2000, 209).

2.º Elemento do composto: **ORXAL**.

Fitónimo (flora).

1. Orixe latina.

Do latín hordeum ‘cebada’; hordeale ‘sitio de...’

Hordeum > ordio > orgo > orxo. E de *hordeale > Orxal.

(ELIXIO RIVAS QUINTAS, 1982, 182).

2. Orixe prerromana.

“Alternativamente, cremos que este topónimo debe ser interpretado como de orixe prerromana, derivada da raíz indoeuropea *er- ‘fluir, moverse’, talvez derivado dunha forma *or-w-i-, tal como postula Edelmiro Bascuas para o caso de ‘oroxo’ (E. BASCUAS LÓPEZ, Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega, páx. 119) ou talvez dunha forma *Or-d-, derivada da mesma raíz indoeuropea *er-.”
(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2014).

LOUSIDOS

“Lugar onde abundan as lousas, ben por ser canteira delas ou ben aludindo ás ruínas dunha(s) casa(s).”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23,02.2014).

Acaso con evidente parentesco co substantivo abundancial “louseira”.

louseira (de lousa) (s. f.). Canteira de lousas. Sin. laxeira.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 918).

PUNTA DA GRALLEIRA

Topónimo composto con nexa de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungere, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: GRALLEIRA.

Zoónimo (fauna).

“Lugar onde abundan os grallos.”

(XOSÉ GONZÁLEZ, 23.02.2022).

Abundancial de ‘gralla’.

gralla (do latín gracūla, feminino de gracūlu, ‘gralla’).

(s. f.). Ave paseriforme dos córvidos (NC. Corvus frugilens), de corpo mouro, peteiro e pés vermellos, e uñas grandes e negras. Vive en Europa, Asia e África.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 763).

PENA DO CAMPO

Topónimo composto con nexa de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PENA.

Latín pinna(m), ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo. Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.
(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: CAMPO.

campo (do latín campu). (s. m.). Planicie non cultivada.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 307).

RÍO ALAMPARTE

Hidróónimo (relacionado coa auga).

PUNTA RIOMAR?

Con este nome figura no Atlas de Galicia. A Coruña: Hércules de Ediciones, 1998, pp. 35 e 225. (IF, 07.07.2022).

De "alam-parte", un adverbio arcaico co significado de "da outra banda, do outro lado", aplicado a terreos e lugares, probablemente "ao outro lado do río".

RIOSMAR

Hidróónimo (relacionado coa auga).

PUNTA RIOMAR?

Con este nome figura no Atlas de Galicia. A Coruña: Hércules de Ediciones, 1998, pp. 35 e 225. (IF, 07.07.2022).

Nesta zona de Cangas chamada Riosmar, desemboca o río Alamparte (á parte de alá) que tamén é coñecido por río Moucide porque o seu nacemento é fronteirizo entre Budián e Moucide, parroquias que pertencen ao Concello de Ferreira do Valadouro.

O río Alamparte nace no barrio de Coldelo da parroquia de Budián, pasa por Moucide e polas parroquias de Cordido e Cangas do Concello de Foz. Ten nove quilómetros de lonxitude.

A pesar de ser un río pequeno, houbo no seu día uns oito muíños, que subindo río arriba respondían aos seguintes nomes: Muíño de Ribadeneira, no barrio de Alemparte; muíño do Chiquito, no barrio de Alamparte; muíño de Engracia, na barrio das Granxas, e o muíño do Batán no barrio de Ribela, todos estes na parroquia de Cangas, logo despois, e na parroquia de Cordido: Muíño de Prudencio, no barrio de Ferradás; muíño de Guillermo, no barrio de Ferradás; muíño do Barral, no barrio do Barral e o muíño do Eixo, no barrio do Eixo.

PENA DO LORET

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PENA.

Latín pinna(m), ‘pena’.

PENA ‘rocha, pedra moi grande adherida de forma natural ao terreo, penedo.

Pedra que queda ao descuberto no mar cando baixa a marea’.

(PACO RIVAS: 2016, 177).

2.º Elemento do composto: LORET.

AS CARAMBELAS

Carambelas é o nome que lle dan en Cangas e Nois ás nécoras ou andaricas.

As nécoras son da familia Portunidae. Orde Decápoda. O nome científico é “Necora puber”.

SAN PEDRO E CASTELOS DE SAN PEDRO

Tanto a zona como os illotes que vemos, levan o nome da Parroquia de Cangas.

PUNTA DOS CASTROS

Nesta punta temos o cemiterio parroquial de Cangas, área recreativa e o Centro Social.

Dato curioso a destacar que, segundo o vídeo documental elaborado pola Deputación Provincial de Lugo en 1990, e titulado “Foz... de perlas”, fai o comentario de que nunha necrópoles desta punta, foron achados restos humanos que no seu día aquelas xentes poderían ser xigantes de ata tres metros de altura.

PUNTA DA CALVELLA

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín puncta, participio perfecto feminino de pungere, ‘picar, punzar’).

(s. f.). **1.** Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto (á súa vez composto): CALVELLA.

Do latín canāle > caale > > cale > cal. Sin. canle.

CALVELLA = ‘canle vella’.

RÍO DA LOUSEIRA

Lugar onde desemboca o chamado "Río da Louseira".

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

1.º Elemento do composto: RÍO.

Orixe latina.

Do latín rivu (s. m.). **1.** Corrente de auga continua que desemboca noutra, nun lago ou mo mar.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.307).

2.º Elemento do composto: LOUSEIRA.

louseira (de lousa) (s. f.). Canteira de lousas.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 918).

PUNTA DOS CORVOS

Zoónimo (fauna).

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: CORVOS.

Zoónimo (fauna).

Orixe latina.

Do latín *corvu(m)*.

Dos ‘corvos mariños’.

MEXADOIRA

Fitónimo (flora).

Orixe latina.

MEXA: “*Clase de alga que semeja una vejiga llena de agua.*”

Etim. mexón. (NC. *Actinia equina*). Celentéreo. Esp. ‘actinia’.

(M.^a del CARMEN RÍOS PANISSE: 1977, 61).

Etimoloxía: “*Derivado del gallego mexar ‘orinar’. Del latín meiëre. El nombre le viene de que arroja un chorro de agua de vez en cuando al realizar ciertas contracciones.*”

(M.^a del CARMEN RÍOS PANISSE: 1977, 62-63).

mexacán (Foz, Camariñas).

mexón (Noia, Ribeira).

(M.^a del CARMEN RÍOS PANISSE: 1983, 70).

PUNTA DAS CABRAS

Topónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: CABRAS.

Cabra [peixe]:

1. Esp. ‘gallineta’. NC. *Helicolenus dactylopterus*.

(Viveiro, ..., Cangas de Foz).

Cabracho d’altura: Foz.

Cabreña: Burela.

2. Esp. ‘cabracho’. NC. *Scorpaena scrofa*.

(M.^a del CARMEN RÍOS PANISSE: 1977, 300-301 e 310-311).

cabeza en forma de cuña e cor encarnada con sete ou nove bandas transversais pardas.

4. Cabra de altura. Véxase Cabracho.

5. Cabracho (s. m.). Peixe da familia dos escopérnidos (NC. *Helicolenus dactylopterus*), de corpo grosa e cor vermella con cinco bandas transversais. A súa boca é negra azulada, e os ollos son grandes, así como tamén a súa aleta peitoral.

Captúrase por barcos de altura, mediante o arrastre. Cabra de altura.

(PACO RIVAS: 2016, 66).

PUNTA DO COTOBRANCO

Topónimo composto con nexa de preposición e artigo contractos.

Orixe latina e prerromana.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto (á súa vez composto): COTOBRANCO.

COTO: Orixe prerromana **cott* ‘prominencia, altura rochosa’.

(FERNANDO CABEZA QUILES: 1992, 216).

BRANCO: Orixe xermánica. Significado transparente.

MERLEIROS

Hidróónimo (auga) e Zoónimo (fauna).

Orixe latina.

De merlo (NC. *Cabrus merula*).

(M.^a del CARMEN RÍOS PANISSE: 1977, 333).

Sufixo –EIROs, abundancial de ‘merlos’ (tipo de peixes).

POCIÑOS

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Diminutivo plural.

Do latín *puteu* ‘pozo’

(s. m.). 1. Foxo que se escava na terra, ata atopar unha vea de auga.

2. Lugar máis profundo dun río.

3. Foxo profundo, aínda que estea seco.

4. Presa do muíño.

5. Depresión do fondo mariño.

6. Min. Foxo profundo para baixar á mina, ou para extraer petróleo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.187).

Na miña opinión, a acepción que mellor lle acae a este topónimo, tratándose de Foz, é a número 5 (IF, 27.06.2022).

PUNTA CAMPOSA

Topónimo composto.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PUNTA.

(Do latín *puncta*, participio perfecto feminino de *pungere*, ‘picar, punzar’).

(s. f.). 1. Extremo agudo dunha cousa.

7. Lingua de terra que penetra no mar.

9. Saínte ou bordo.

10. Calquera extremo, de forma alongada, de algunha cousa, aínda que non sexa agudo.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.222).

2.º Elemento do composto: CAMPOSA.

(s. f. plural) de campo. Lugar desarborado no que medran as herbas espontaneamente. SIN. campón.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 307).

PRAIA BRAVA

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PRAIA.

Do latín tardío *plagiā* ‘praia’.

Praia (s. f.). Ribeira dun mar ou dun río, de areais case chans. Sin. areal, area.

(GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.188).

2.º Elemento do composto: BRAVA.

bravo,-a (probabelmente do latín *barbāru*, ‘bárbaro, feroz, salvaxe’, aínda que tamén puidese ser que procedese do latín *pravu*, ‘malo, inculto’) (adx.).

Tamén se coñece desde fai moitos anos polo nome de Praia dos Alemáns, por ser frecuentada no século pasado por cidadáns alemáns xerentes da empresa de caolíns ECESA de Burela.

Esta praia é a preferida dos surfistas xa que nela prodúcese a onda máis importante de Galicia popularmente coñecida pola “MACHACONA”.

PUNTA BRAVA OU DOS ALEMÁNS

Leva o nome de Punta dos Alemáns polas mesmas razóns que o dobre nome da Praia Brava.

PRAIA DA AREOURA

Hidróónimo (relacionado coa auga).

Hidróónimo composto con nexo de preposición e artigo contractos.

Orixe latina.

1.º Elemento do composto: PRAIA.

Do latín tardío *plagiā* ‘praia’.

Praia (s. f.). Ribeira dun mar ou dun río, de areas case chans. Sin. areal, area. (GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA: 2004, 1.188).

2.º Elemento do composto (á súa vez composto): AREOURA.

Orixe latina: AREA + OURA ‘Area dourada’.

“El sentido de ‘conjunto de arena’ está ya en el latín arena.”

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 26).

Pertence á parroquia de Cangas do Concello de Foz.

Situada na zona occidental de Cangas rematando no Cantiño, que fai fronteira co concello de Burela.

Consta de servizos hixiénicos, duchas e socorrismo en época estival e está galardoadada coa bandeira azul da Comunidade Europea.

A esta praia realizóuselle unha gran obra de recuperación.

A mediados dos anos 70 constrúese sobre dela un edificio para hotel que ocupaba 4.500 metros cadrados. O edificio contaba con 5 alturas, unha extensión de aproximadamente 880 metros cadrados, e na parte frontal un muro de formigón construído sobre da mesma praia.

A demolición desta obra realizouse o luns día 1 de xullo de 2002 ás 17, 10 h.

Para a súa voadura utilizáronse 15 quilos de Goma-2 e 310 barrenos. Pulsou o botón detonador para a súa demolición o ministro de Medio Ambiente, Jaime Matas desde o iate Garoa, acompañado do alcalde de Foz, José M.^a García Rivera.

Despois desta voadura, a praia foi totalmente recuperada cun traballo complementario ao proxecto de demolición que constituíu no seguinte:

Acondicionamento dun acceso á praia mediante a execución dun camiño de 3 m. de ancho, no cal se realizan as seguintes actividades.

-Construción de dique clasificado de 1000-2000 Kg. de peso unitario, posto en obra.

-Movemento de terras, que inclúe a escavación da explanación, con carga e transporte a verquedoiro ou lugar de emprego dos produtos de escavación, e refino de taludos.

-Construción de base de 15 cm. de formigón con armadura de reparto a xeito de grella de aceiro.

-Construción de borde de cantería.

-Construción de cuneta bordeada, executada con borde prefabricado de formigón e rigola de formigón.

-Colocación de pavimento de chapa de lousa, adecuación de tapas de arquetas existentes á nova rasante.

Instalación do seguinte mobiliario:

-Unha varanda rústica, construída de cantería e madeira do país semellante á existente.

- Un banco rústico con respaldo de madeira de piñeiro do país.
 - Dez papeleiras rústicas de madeira de piñeiro do país.
 - Unha placa de bronce sobre rocalla normalizada pola Dirección Xeral de Costas.
- Colocación e montaxe de pasarela de madeira tratada, ancorada en postes de 2,5 m. e 12 cm. de diámetro.
- Adecuación dun local existente para aseo masculino.
- Plantación de dunas con area da mesma praia.

Aquí nesta praia, debemos de destacar unha impresionante e insólita de amor:

ROSIÑA “A TOLA DAS ONDAS”

O poeta e escritor de Cangas de Foz, Francisco Lourido Sánchez, escribiu en 1885, unha preciosa historia de amor nun exemplar da revista “A Gaita Galega” publicada en Cuba.

Esta historia, cóntanos de que estando o poeta durmido na praia de Areoura, de súpeto espertou ao escoitar un canto e uns laios un tanto sobrenaturais. Eran duna fermosísima muller que berraba como unha tola na praia. O poeta intentou gañar a súa confianza e aquela muller contoulle unha curiosa historia de amor. Contoulle que ela era orfa e costureira de profesión e que un día traballando na casa de Luis Martín Federico e súa irmá María Luisa Maañón Rivas, coñeceu a un mariñeiro chamado “Roque O Lobo Cántabro” que era de Burela e que pouco á pouco un día, no Bispo Santo, pediulle que se casara con el, e así o fixeron.

Pero cando ían de lúa de mel no barco de Roque, saíron do porto de Foz con destino a Burela e ao chegar á barra levantouse un forte temporal, pero Roque non quixo volver ao porto de Foz para evitar as mofas e chanzas dos mariñeiros focegos, fíxolle fronte ao temporal e o barco afundiou. Rosiña que así se chamaba a muller, foi devolta a terra polo mar, pero Roque non apareceu. Desde entón, Rosiña vaga de praia en praia á busca do seu amor desafiando as ondas de mar e por iso lle chaman “A tola das ondas”.

O CANTIÑO

Orixe prerromana.

Cantiño. 1. Preindoeuropeo *can-t-, ‘roca’.

“Desde ‘roca’ puede llegarse a ‘punta, borde, lado, esquina; canthus significó ‘borde’. La acepción de ‘piedra’ es la prerromana... Kent en Gran Bretaña es Cantium en César, Kantion en Estrabón,...”

(ELIGIO RIVAS QUINTAS: 1982, 46).

Cantiño. 2. Diminutivo de Canto.

“Es este mismo, como hemos visto, el radical que interviene en nombres como Cantabria y similares. Las formas Cantio o Cancio originan los Canzana, Canzo, Cancio, topónimos y antropónimos, como el Canzobre, de Coruña. Se trata, en todos los casos, de un epíteto prerromano, equivalente al latín candus, candidus, celta cantos, (el) ‘blanco’, ‘blanco brillante’, ‘de blancura deslumbrante’.”

(JOAQUÍN CARIDAD ARIAS: 1995, 96).

A zona chamada O Cantiño está dividida en dúas partes, metade pertence ao concello de Burela e a outra metade pertence ao concello de Foz.

PUNTA DA COVA MOURA

Aínda que esta zona pertence ao veciño concello de Burela, incluímosla neste texto por que os veciños da parroquia de Cangas de Foz foron testemuñas dun tráxico suceso acontecido neste lugar en 1850, a dito suceso fixéronlle un conto e unha copla que aquí vos transcribimos:

*O barco era moi bonito,
todos van e eu non vou,
o meu home non vale nada,
dádeme quen me casou.*

*Eu quero ver o barco,
e tu non vales para nada,
ou me levas ver o barco
ou che dou unha “bofetada”.*

*Imos facer unha risada
se nos metemos ao mar,
eu non vou poder contigo
e tu non sabes nadar.*

*Metéronse a ver o barco,
e a risada explotou
houbo que facer salvamento,
e Elena por pouco afogou.*

INTERVIRON NESTE TRABALLO:

Traballo de recuperación toponímica da costa de Foz, realizado por Xesús Basanta Martínez (Xesús do Breogán).

Interpretación dos topónimos: Isaac Pérez Blanco (Valadouro).

Colocación dos topónimos na foto vía satélite: Pablo Cid Gómez (Deseño Touche).

Información dos topónimos facilitada por:

Germán Ruíz (Da Sanchona), Foz.
Ramón Castiñeira (Arrinque), Foz.
Jaime López Beltrán (De Carallán), Foz.
Raúl Río (De Liñaza) Fazouro.
Vicente Sixto de Nois
José Villar (Villares) de Cangas de Foz
Ramón Luaces (O Ferreiro), Foz.

Carmen Méndez De Tol)

Juan Martínez (Sina)

Xesús Blanco (Biólogo)

Manuel Guitérrez (Xeólogo da Universidade de xeoloxía de Oviedo).

Carmen Couto (Do Muíño)

Cándido Alonso (Do Muíño)